

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO DE 2020

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)


INTERVENTOR MUNICIPAL

Fernando Abrales Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María OfirAboy García

No salón de sesións da antiga conserveira de Sel, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero que dá as boas tardes a todas as persoas presentes e di que se fixo un cambio de situación na celebración do Pleno ordinario da corporación debido a situación provocada pola COVID e co fin de estar máis separados do habitual e con máis ventilación. Solicítalles aos membros da corporación que as intervencións se cingan á orde do día para non alongar moito a sesión en consideración cos dous traballadores que lle acompañan que teñen que desprazarse aos seus domicilios e que así poidan chegar as súas casas antes das once da noite.

Continúa a señora alcaldesa dicindo que por todos e todas é coñecida a situación preocupante sobre a COVID en Muros, que dende o concello se afronta na medida que lles corresponde e están en contacto continuo coas autoridades sanitarias e espera que isto se poida ir controlando e parece que se frearon o número de positivos destes dous últimos días aínda que hai moita xente pendente de realizar a PCR. Di que quere facer un par de anuncios, un é que onte publicouse no BOP a Resolución do fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña polo que a Deputación da Coruña concede ao concello unha partida de 100.000 euros para poder sacar unha nova liña de subvencións para autónomos e traballadores e publicarase probablemente na semana seguinte as novas bases desta convocatoria que é unha boa nova e unha axuda importante para todos os autónomos e traballadores do municipio. Tamén di que todos e todas son coñecedores de que o martes celébrase a etapa da volta ciclista a España, que non é o mellor momento, pero que se ten que aproveitar a oportunidade que se brinda da maior forma posible e pide a todo o mundo que o poder ser o goce a través da televisión e que non se produzan aglomeracións no municipio.

A Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación da acta anterior do 24 de setembro de 2020

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir respecto da acta que se presenta para que o Pleno aprobe. Non habendo ningunha observación, apróbase a acta da sesión ordinaria de 24 de setembro de 2020, por unanimidade dos membros da corporación, coa abstención da concelleira María Xosé Alfonso Torres por ausencia á sesión correspondente.


Segundo. Aprobación inicial do expediente núm. 235/2020 (1/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado

Intervén a señora alcaldesa para dicir que a proposta que trae ao Pleno é o ditaminado na comisión informativa na que adoptaron os seguintes acordos:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente núm. 235/2020 (1/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

I.- ESTADO DE GASTOS

I.A) Habilitacións



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
2019/2/IGV13/1	20/150.13100	Retribucións equipo técnico oficina rehabilitación	5.607,98
	20/150.16000	Cotas S.S. a cargo da Entidade	2.391,99
	20/336.61927	Outros investimentos de reposición en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral. Obras de reurbanización	16.000,00
	20/336.78000	Subvencións de capital a rehabilitación de edificacións da área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros.	36.843,81
		Total proxecto 2019/2/IGV13/1	60.843,78
2019/2/IGV17/1	20/150.13100	Retribucións equipo técnico oficina rehabilitación	11.940,29
	20/150.16000	Cotas S.S. a cargo da Entidade	4.059,71
	20/336.78000	Subvencións de capital a rehabilitación de edificacións da área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros.	55.627,97
		Total proxecto 2019/2/IGV17/1	71.627,97
		TOTAL habilitacións.....	132.471,75

II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

II.A) Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
2019/2/IGV13/1	20/870.00	Ingresos M. Fomento.Fase 13ª rehabilitación de edificacións	60.843,78
		Total proxecto 2019/2/IGV13/1	60.843,78
2019/2/IGV17/1	20/870.00	Ingresos IGVS anualidade 2017 rehabilitación de edificacións	2.008,77
	20/870.00	Ingresos M. Fomento anualidade 2017 rehabilitación de edificacións	69.619,20
		Total proxecto 2019/2/IGV17/1	71.627,97
		TOTAL financiamento.....	132.471,75

II.B) Baixas ou anulacións de créditos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00


II.C) Novos ou maiores ingresos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

III. RESUMO DA MODIFICACIÓN

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	132.471,75
2.Financiamento:	132.471,75
a) Remanente Líquido de Tesourería (Desviacións positivas non incluídas no RT para gastos con financiamento afectado)	132.471,75
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓN.....	132.471,75

SEGUNDO. Proceder á publicación e á tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 169 do RD lexislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TERCEIRO. Dar traslado á Intervención e á Tesourería Municipal e Negociado de Contabilidade.”

Continúa a súa intervención a alcaldesa para dicir que o que se trata con este suplemento de crédito é de regularizar os ingresos de subvencións por ese importe dos anos 2017 e 2018, nos acordos relativos ás áreas de rexeneración e renovación urbana no conxunto histórico.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que o seu grupo xa anunciou o seu voto positivo na comisión informativa, que o manteñen e non ten nada máis que dicir ao respecto.


Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que levan no goberno dende o 2019, que entenden a excepcionalidade deste ano pero aquí están outra vez aprobando remendos a uns orzamentos que veñen xa feitos dende o 2015 que non van a valorar se son bos ou malos pero que están desfasados xa que a situación de fai cinco anos non é nin moito menos a de agora e isto pon de manifesto que hai que poñerse as pilas dunha vez cos orzamentos para non ter que vir o Pleno con isto. Continúa dicindo que hoxe se van a aprobar tres temas que teñen de fondo o mesmo, a falta de orzamentos. Di que non vai a comentar nada do suplemento, entenden que é necesario pero máis é o orzamento.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que son anualidades do 2017 e do 2018 que nin se incorporaron ao orzamento nin se convocaron as axudas as que estaban destinadas estes cartos, que son para titulares de vivendas que fixeran a súa casa no conxunto de Muros. Di que o que se fai con isto non é máis que arranxar unha desfeita que herdaron. Di que están en contacto co IGUS, cren que van a ser capaces de que lles dean unha prórroga para poder destinar estes cartos para o seu obxectivo que é bastante importante e non ter que devolvelos, porque xa pasaron tres anos.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que lles parece vergonzoso e alguén lle tiña que sacar as cores ao grupo de Compromiso por Galicia, se son agora mesmo Compromiso por Galicia, porque non saben o que é, xa que son os responsables desas subvencións que están aí e non foron capaces en catro anos de dicirle á veciñanza que había unha cantidade aí para poder rehabilitar as súas vivendas cando a eles lles consta que houbo peticións abondas preguntando que subvencións se podían pedir. Di que xa o dixo moitas veces na sesións, ao problema que levaron o concello, e agora que se teña que vir á sesión plenaria, co perigo de non saber se poderemos recuperar ou perder eses cartos, e di que non lles dá vergoña porque están aí sentados como se con eles non fora. Di que van a votar a favor e pídelles ao grupo de goberno que fagan todo o posible para que eses cartos que están aí non se perdan como se perderon un montón de subvencións de forma altruísta, que lles daba igual, di literalmente que non son capaces de mirar á cara, que baixan a vista os tres, e continúa dicindo que ese diñeiro é da veciñanza de Muros.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, que di que se alegran de que por fin sexa posible este suplemento de crédito, este arranxo, que non debería ser moi fácil cando o informe de Intervención é de xullo de 2019 e tráese aínda agora, di que ogallá o actual grupo de goberno non teña os problemas que eles tiveron por cambio de persoal en Intervención e en Secretaría, di que agora teñen a sorte de ter as prazas cubertas e ben cubertas con persoal estable e agardan que así siga sendo e dille á alcaldesa que por propia experiencia facilítalle moito as cousas.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

EXPEDIENTE NÚM. 235/2020 (1/2020SC) DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2015 –PRORROGADO.

Didada a Resolución da Alcaldía núm. 384/2020, do 26/03 pola que se aproba o expediente de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito por importe de 66.952,61 euros, correspondente aos ingresos obtidos con carácter prepagable para as fases 9ª, 11ª, 13ª e 17ª de rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas do núcleo histórico do Concello de Muros.

Visto o informe de Intervención núm. 162/2019 do 03/07 no que formula a solución técnica en materia orzamentaria para restablecer o principio de afectación, control e seguintes dos recursos afectados derivados dos seguintes acordos:

a) Acordo da Comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2017, relativo á área de rexeneración e renovación urbana núcleo histórico de Muros. Comunidade Autónoma de Galicia. Prórroga do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013/2016. Anualidade 2017.

b) Acordo da Comisión bilateral celebrada o 26 de outubro de 2018, relativo a área de rexeneración e renovación urbana núcleo histórico de Muros. Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de vivenda 2018/2021. Anualidade 2018.


Considerando que resulta acreditado no expediente os seguintes ingresos materiais derivados das subvencións prepagables que se deducen dos citados acordos bilaterais, así como do saldo do remanente líquido de Tesourería:

Exercicio	Número de operación	Ente cofinanciador	Destino dos recursos	Importe ingresado	Aplicado en expedientes de I.R. 1/2020	Financiamento suplemento de crédito
2017	120170002905	IGVS	Anticipo anualidade 2017.	28.079,49	26.070,72	2.008,77
2017	120170002903	M. Fomento	Anticipo anualidade 2017	69.619,20	0,00	69.619,20
2018	120180004050	M. Fomento	Anticipo Fase 13ª	76.846,72	16.002,94	60.843,78
			TOTAL	174.545,41	42.073,66	132.471,75

Considerando que o importe total dos recursos líquidos pendentes de afectar ascende a 132.471,75 euros e que a Intervención municipal acredita a existencia dun saldo do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais de 601.377,72 euros, susceptibles de financiar novos ou maiores gastos.

Considerando que a afectación destes recursos deben ser obxecto de aplicación previa por tratarse de ingresos vinculados á realización dun gasto concreto, coa finalidade de obter o remanente de Tesourería para gastos xerais efectivamente líquido e cuxa aplicación está sometida aos criterios dos artigo 12.5, 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Emitido o informe de Intervención núm. 207/2020 do 29/09 favorable ao expediente de concesión de suplemento de crédito e formulando advertencias en relación co incumprimento das regras fiscais.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Considerando que se trata de gastos inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte, que se trata, igualmente, de gastos específicos e determinados, e que se cumpre os requisitos esixidos polo Regulamento Orzamentario das Entidades Locais.

Considerando, que mediante acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31/07/2019 modificou o anexo de investimentos e a base 13ª das BEO/2015 -prorrogadas, no sentido de non declarar como ampliable a aplicación 336.78000, do estado de gastos, aos efectos de viabilizar a modificación orzamentaria.

Conforme ao establecido no artigo 38 do RD 500/1990, do 20 de abril, que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación do expediente, sendo preceptiva a previa emisión de ditame pola Comisión Informativa de Persoal, Economía e Facenda e Especial de Contas, salvo supostos de acordos declarados urxentes, de acordo co establecido no artigo 123 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, á vista da proposta da Presidencia da comisión informativa e do ditame da comisión informativa correspondente.

O Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente núm. 235/2020 (1/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

I.- ESTADO DE GASTOS


I.A) Habilitacións

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
2019/2/IGV13/1	20/150.13100	Retribucións equipo técnico oficina rehabilitación	5.607,98
	20/150.16000	Cotas S.S. a cargo da Entidade	2.391,99
	20/336.61927	Outros investimentos de reposición en infraestrutura e bens destinados ao uso xeral. Obras de reurbanización	16.000,00
	20/336.78000	Subvencións de capital a rehabilitación de edificacións da área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros.	36.843,81
		Total proxecto 2019/2/IGV13/1	60.843,78
2019/2/IGV17/1	20/150.13100	Retribucións equipo técnico oficina rehabilitación	11.940,29
	20/150.16000	Cotas S.S. a cargo da Entidade	4.059,71
	20/336.78000	Subvencións de capital a rehabilitación de edificacións da área de rexeneración e renovación urbana do núcleo histórico de Muros.	55.627,97
		Total proxecto 2019/2/IGV17/1	71.627,97
		TOTAL habilitacións.....	132.471,75

II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

II.A) Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
2019/2/IGV13/1	20/870.00	Ingresos M. Fomento.Fase 13ª rehabilitación de edificacións	60.843,78
		Total proxecto 2019/2/IGV13/1	60.843,78
2019/2/IGV17/1	20/870.00	Ingresos IGVS anualidade 2017 rehabilitación de edificacións	2.008,77
	20/870.00	Ingresos M. Fomento anualidade 2017 rehabilitación de edificacións	69.619,20
		Total proxecto 2019/2/IGV17/1	71.627,97
		TOTAL financiamento.....	132.471,75



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

II.B) Baixas ou anulacións de créditos

	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

II.C) Novos ou maiores ingresos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

III. RESUMO DA MODIFICACIÓN

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	132.471,75
2.Financiamento:	132.471,75
a) Remanente Líquido de Tesourería (Desviacións positivas non incluídas no RT para gastos con financiamento afectado)	132.471,75
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓN.....	132.471,75

SEGUNDO. Proceder a publicación e tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 169 do RD lexislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

TERCEIRO. Dar traslado á Intervención e á Tesourería Municipal e Negociado de Contabilidade.

Terceiro . Aprobación inicial do expediente núm. 235/2020 (2/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado


Intervén a señora alcaldesa para dicir que a proposta que trae ao Pleno é o ditaminado na comisión informativa na que adoptaron os seguintes acordos:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente núm. 235/2020 (2/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

I.- ESTADO DE GASTOS


I.A) Habilitacións

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/132.13100	Sentenza I.P.C. Retribucións persoal laboral temporal	3.071,56
	20/134.22000	Material de oficina ordinario non inventariable	798,60
	20/135.22601	Atencións protocolarias e representativas	90,98
	20/136.13102	Sentenza J.D.B.C. Outras remuneracións	9.298,93
	20/136.20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxe	6.500,00
	20/136.21300	Reparacións de maquinaria, instalacións e utillaxe	4.000,00



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	20/136.22114	Subministración para prevención e extinción de incendios	14.597,52
	20/136.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.642,12
	20/150.13000	Sentenza J.R.F.S. Retribucións básicas	30.100,00
	20/150.13100	Retribucións persoal laboral temporal. A.A.N.	16.547,28
	20/150.22603	Publicacións en diarios oficiais	2.281,10
	20/150.22706	Estudos e traballos técnicos	8.480,53
	20/150.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.541,82
	20/1522.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios e cons	7.048,25
	20/1531.61900	Investim. de reposicións e infraestruturas e bens destinados	7.570,79
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/1532.22114	Subministro de materiais para reparacións acceso núcleos	1.133,50
	20/160.22699	Outros gastos diversos	20.573,08
	20/160.22706	Estudos e traballos técnicos	40.035,01
	20/160.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	4.945,00
	20/160.60900	Investim. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	10.081,40
	20/1621.46300	Transferencias a Mancomunidade Serra da Barbanza	40.953,77
	20/1622.22699	Outros gastos diversos	7.312,39
	20/163.13101	Retribucións horas extras	5.515,53
	20/231.22114	Subministracións para Asistencia Social Primaria	1.178,27
	20/231.46600	Outras entidades que agrupan a municipios	2.690,84
	20/311.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profes.	20.007,53
	20/320.22699	Outros gastos diversos	8.751,20
	20/322.22199	Outros Subministracións	1.337,33
	20/330.22500	Tributos estatais. SGAE	17.787,76
	20/330.22602	Publicidade e propaganda	6.461,95
	20/330.22609	Actividades culturais e deportivas	27.366,54
	20/3321.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	4.409,47
	20/338.20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxes	9.075,00
	20/338.22501	Tributos das comunidades autónomas	2.759,94
	20/338.22602	Publicidade e propaganda	6.722,00
	20/338.22609	Actividades culturais e deportivas	3-350,00
	20/338.22612	Outros gastos diversos	8.023,26
	20/340.13100	Sentenza M.D.B.S. Retribucións persoal laboral temporal	32.079,38
	20/340.13101	Retribucións horas extras.	4.074,32
	20/450.13101	Retribucións horas extras	2.919,82
	20/450.21400	Reparación, mantemento e conserv.elementos de transporte	6.803,69
	20/450.22103	Combustibles e carburante	7.131,68



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	20/450.22111	Reparación de maquinaria, instalacións e utilaxes	4.379,64
	20/912.23000	Órganos de goberno	4.807,56
	20/920.13100	Retribucións persoal laboral temporal	587,50
	20/920.20600	Arredamento de equipos para procesos de información	5.088,18
	20/920.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios...	2.711,58
	20/920.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	1.877,03
	20/920.22200	Servizos de telecomunicacións	5.194,40
	20/920.22501	Tributos das comunidade autónomas	2.344,44
	20/920.22699	Outros gastos diversos	1.095,49
	20/920.22706	Estudos e traballos técnicos	10.890,00
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/932.22604	Costas procesais sentenza M.D.B.C.	910,73
	20/934.22603	Publicacións diarios oficiais	3.743,23
	20/934.35200	Interese demora por execución de sentenzas.	6.226,53
		TOTAL habilitación	468.905,45

II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

II.A) Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
	20/870.00	Activos financeiros. Remanente líquido de Tesourería	468.905,45
		TOTAL financiamento	468.905,45

II.B) Baixas ou anulacións de créditos


Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

II.C) Novos ou maiores ingresos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

III. RESUMO DA MODIFICACIÓN

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	468.905,45
2.Financiamento:	468.905,45
a) Remanente Líquido de Tesourería	468.905,45
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓN.....	468.905,45



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

SEGUNDO. Proceder á publicación e á tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 169 do RD lexislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.


TERCEIRO. Dar traslado á Intervención e á Tesourería Municipal e Negociado de Contabilidade.”

Intervén a señora alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero, dicindo que a proposta que se trae á sesión plenaria non só cumpre cunha esixencia legal, senón tamén cun compromiso que se adquiriu con esta corporación de ir aboando os cartos que se lle deben aos/ás traballadores.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que eles anunciaron o seu voto a favor na comisión informativa e simplemente quere dicir de forma moi breve que isto estaba cantado e sabían todos e todas, que preguntaron por activa e por pasiva como estaba o pago das sentenzas xudiciais, das condenas que tiveron, multitude delas, e que moitas chegaban de forma privada ao correo particular da ex-alcaldesa e que di que as gardou e as meteu nun caixón e que agora sae a luz e que di que son nada menos que 98.235 euros de xuros e de costas, grazas ao grupo de goberno anterior. Di tamén que habería que darlle unha volta e ver se se está a falar de malversación de caudais públicos, porque ter que pagar case que cen mil euros por culpa de incompetencia do anterior grupo de goberno, parécelles moi forte e dende o seu grupo van a ver se existe algún tipo de responsabilidade porque a veciñanza de Muros non ten porque cargar con estes xuros e costas que se puideron evitar, di que en todos os plenos que están gravados e hai actas, se lle dixo que non pagar no momento adecuado ía levar a duplicar ou triplicar o gasto, e aquí están agora mesmo polo que di literalmente: *“caprichitos da señora María Xosé, nin máis nin menos que por iso”*.

Intervén polo grupo municipal de CxG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que isto realmente é un recoñecemento extraxudicial de crédito, di que eles non van a votar en contra do recoñecemento das facturas anteriores se están debidamente acreditadas, como teñen estado antes e o partido popular e o socialista si votaron en contra. Di que eles non se van a opoñer a que se pague a quen traballou. Di que en canto ás sentenzas que se alegran de que os/as traballadores/as que se atoparon en situación irregular cando eles chegaron se decidiran a emprender o único camiño que era posible para regularizar a súa situación, que era acudir ao xulgado, alégrese de que fora cando eles estaban no goberno. Di que anteriormente por algún motivo non se atreveron ou non quixeron, con eles si o fixeron e tamén alégrese de que a situación económica que eles deixaron no concello permita este recoñecementos xudiciais, xa non é o primeiro, permítase saldar a débeda e permítase que se lle pague a este persoal. Continúa a súa intervención dicindo que en canto aos gastos que van aquí gustaríalles que lles explicara a alcaldesa esta cantidade de 13.183 euros en concepto de publicidade e propaganda, ou concretamente a que se debe os 37.000 euros de outros gastos diversos, gustaríalles que lle explicara á cidadanía que está vendo a sesión, en que consistiron eses gastos, o de diversos é moi xenérico, que estudos e traballos técnicos supoñen un total de 50.925,01 euros e os case 25.000 euros de traballos realizados por outras empresas. Insiste en que non é porque lles pareza mal, senón porque lles parece importante que a cidadanía saiba, que supoñen 126.000 euros concretamente, en que se gastaron.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón, para dicir que por un lado alégranse de quen traballou que cobre, non están pedindo nada que non lles corresponde pero na liña que comentaba “compromiso” eles tamén teñen a dúbida do que nas nosas contas veñen a ser un pouco máis altas, e di literalmente *“outros traballos realizados por outras empresas, 30.136, outros gastos diversos, 45.745, un deles de máis de 20.000 euros, estudos e traballos técnicos 50.905”* e canto menos explicar a que se deben



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


estes gastos que non quedan ben reflectidos; as sentenzas si que o están, pero eles ao mirar a documentación quedáronse tamén bastante coa dúbida xa que non se está a falar dunha pequena cantidade.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que chegan a bastante destempo e teñen bastante pouca memoria porque isto foi un REC que se aprobou no mes de marzo, o 9 de marzo de 2020, e alí deuse explicación detallada dos gastos, que eran facturas case todas dende xaneiro a xuño do ano anterior e remítese ás explicacións que deron nesa sesión plenaria, e aquí o que se está aprobando é un suplemento de crédito para poder pagar ese REC.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que efectivamente é un suplemento de crédito e que so faltaría que Compromiso por Galicia non votara a favor, di que deixou un furado no concello que di non somos capaces de sacar a cabeza, di que a maior parte das facturas, e que as miraron de acordo co anterior pleno, onde si se explicou que son da anterior lexislatura. Di que a situación económica que deixaron e fácil de explicar, di que estiveron catro anos desgovernando o Concello de Muros e non foron capaces de facer un presuposto e presumían de que eles eran capaces de gobernar sen presuposto, e di que por iso estamos onde estamos, e tivemos o concello de Muros intervído, por culpa di desas manobras, vai dicir así, "contables" que fixo esta xente, e agora mesmo cónstalles a eles, porque preguntaron no concello, como están os trámites para facer o presuposto, e dixéronlles que antes de facer o presuposto hai que solucionar varios problemas, senón é imposible facer ese presuposto debido a que non se parte de cero. Di Compromiso por Galicia que é normal e alégrase de que os/as traballadores/as presentaran a reclamación, di que non saben por que a presentaron cando gobernaban eles e non sabe porque non a presentaron antes. Di que isto vén arrastrado de cando o partido popular e o BNG gobernaron xuntos, e quen levaba persoal era a señora María Xosé e di literalmente "*cando a tiveron que expulsar por deslealdade, a ela e ao señor Quintela, expulsounos o señor Dosil*" e a raíz de aí veñen os/as traballadores/as arrastrando a situación e chegou un momento de como non había posibilidade de facer un presuposto e solucionar o seu problema, foron á xustiza e ese grupo afeitouse para arriba, eles non ían facer nada. Continúa a súa intervención dicindo que din que non había ningunha outra forma de solucionalo, di que non o sabían eles, di nin iso nin nada, e di que son capaces de dicir no pleno da corporación que a única solución para solucionar un problema para un/unha traballador/a é que llo solucione a xustiza, di que o que está claro e que están dando síntomas da súa incompetencia e volve a repetir que por iso estamos aquí pagando 98.235 euros de xuros de xulgado. Di que pensan en que a veciñanza de Muros vaise dar conta e van ver o que pasou, porque di que estivo todo solapado e agora sae a luz, e polo menos agora que se decatou o que estiveron facendo estes tres "*personaxes*", vailles chamar así.

Intervén polo grupo municipal CxG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que a veciñanza tanto se decatou que se están a dar conta da contradición da voceira do grupo socialista, se o asunto viñera do BNG-PP pregunta que fixo ela os catro anos posteriores que gobernou despois daquela, eles animaron ao persoal a arranxar a súa situación, ela non; di que si fora verdade o que di, que evidentemente non é verdade, di que queda de manifesto na súa declaración as súas contradicións. Continúa dicindo que volvendo ao que dicía a señora alcaldesa que é algo máis interesante do que di a voceira do grupo socialista, o que se trae hoxe é a aprobación dun suplemento de crédito para un REC que se aprobou en marzo e di, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro, pois di que se alegran de que por fin salga o suplemento e por fin se poida pagar aquel REC, insiste en que eles votaran a favor de aprobar un REC.

Intervén a señora alcaldesa que di que xa se estenderán con máis detalles nestas cuestións, cre que hoxe non é o día.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e a abstención do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

EXPEDIENTE NÚM. 235/2020 (2/2020SC) DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2015 –PRORROGADO.

Aprobada, mediante Resolución da Alcaldía núm. 480/2020 do 28/04, a liquidación do Orzamento Municipal de 2015- prorrogado no exercicio 2019, que arroxa incumprimento das regras fiscais e un remanente de Tesourería para gastos xerais, antes de axustes, de 724.003,24 euros.

Ditada, Resolución da Alcaldía núm. 384/2020, do 26/03 pola que se aproba o expediente de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito financiados co remanente líquido de Tesourería por importe de 122.626,54 euros dos cales 66.952,61 euros, corresponden aos ingresos obtidos con carácter prepagable para as fases 9ª, 11ª, 13ª e 17ª de rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas do núcleo histórico do Concello de Muros e 55.673,93 a excesos de financiamento afectado.


Estando en fase de tramitación o expediente núm. 1/2020SC de concesión de suplemento de crédito, no que se contempla un aumento da dotación inicial financiada co remanente líquido de Tesourería por importe de 132.471,75 euros, correspondente ao resto dos excesos de financiamento dos referidos proxectos de rehabilitación edificatoria.

Considerando que como consecuencia das modificacións anteriores o saldo do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais ascende a 468.905,45 euros sendo de libre aplicación por non caer esta entidade dentro do ámbito de aplicación do artigo 32 e da disposición adicional 6ª da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pero con suxeición as regras contidas no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Expresión	RTGX
1. Remanente de Tesourería para gastos xerais	724.003,74
2. Remanentes aplicados por DF (+) de financiamento non consideradas Exp 1/2020IR	-66.952,61
3. Remanentes aplicados por DF (+) acumuladas de financiamento. Exp. 1/2020IR	-55.673,93
3. Saldo provisional do Remanente líquido de Tesourería	601.377,20
4. Remanentes non aplicados por DF (+) de financiamento non consideradas Expt. 1/2020SC	-132.471,75
5. Saldo final do Remanente líquido de Tesourería	468.905,45

Tendo en conta que, da aplicación da regra contida no artigo 12.5. da lei orgánica, dedúcese a inexistencia de maiores ingresos recadados sobre as previsións iniciais e, en consecuencia, non procede destinar cantidade algunha do remanente de Tesourería á amortización anticipada da débeda financeira.

Considerando que o Pleno da corporación en sesión celebrada o 9 de marzo de 2020 adoptou acordo de aprobación do expediente núm. 1/2020 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 370.671,04 euros sen financiamento adicional e, polo tanto, con imputación aos créditos iniciais do exercicio 2020 e con minoración das dotacións orzamentarias para atender os compromisos de gastos do exercicio corrente.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Considerando, igualmente, que no exercicio 2020 foron executadas ou están en fase de execución sentenzas xudiciais firmes da xurisdición laboral con repercusión económica por importe de 67.336,94 euros, e que están pendentes de executar sentenzas firmes cuxo impacto económico están actualmente sendo calculados polo servizo de persoal.

Emitido informe de Intervención núm. 223/2020 do 13/10 informando favorablemente o presente expediente de concesión de suplemento de crédito e formulando advertencias e observacións en relación co incumprimento das regras fiscais.

Considerando que se trata de gastos inaprazables que non poden demorarse ao exercicio seguinte, que se trata, igualmente, de gastos específicos e determinados, e que se cumpre os requisitos esixidos polo Regulamento Orzamentario das Entidades Locais.

Considerando, ningunha das aplicacións afectadas pola modificación ten carácter de ampliable e, polo tanto, cómprese o establecido no artigo mediante acordo do Pleno da corporación en sesión celebrada o 31/07/2019 modificou o anexo de investimentos e a base 13ª das BEO/2015 -prorrogadas, no sentido de non declarar como ampliable a aplicación 336.78000, do estado de gastos, aos efectos de viabilizar a modificación orzamentaria.


De conformidade co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, do 20 de abril, que atribúe ao Pleno a competencia para a probación do expediente, sendo preceptiva a previa emisión de ditame pola Comisión Informativa de Persoal, Economía e Facenda e Especial de Contas, salvo supostos de acordos declarados urxentes, de acordo co establecido no artigo 123 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, é a vista na proposta de ditame e o ditame da comisión informativa o pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente núm. 235/2020 (2/2020SC) de concesión de suplemento de crédito do Orzamento Municipal de 2015-prorrogado, de acordo co seguinte detalle:

I.- ESTADO DE GASTOS


I.A) Habilitacións

Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/132.13100	Sentenza I.P.C. Retribucións persoal laboral temporal	3.071,56
	20/134.22000	Material de oficina ordinario non inventariable	798,60
	20/135.22601	Atencións protocolarias e representativas	90,98
	20/136.13102	Sentenza J.D.B.C. Outras remuneracións	9.298,93
	20/136.20300	Arrendamento de maquinarias, instalacións e utillaxe	6.500,00
	20/136.21300	Reparacións de maquinaria, instalacións e utillaxe	4.000,00
	20/136.22114	Subministración para prevención e extinción de incendios	14.597,52
	20/136.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.642,12
	20/150.13000	Sentenza J.R.F.S. Retribucións básicas	30.100,00
	20/150.13100	Retribucións persoal laboral temporal. A.A.N.	16.547,28
	20/150.22603	Publicacións en diarios oficiais	2.281,10
	20/150.22706	Estudos e traballos técnicos	8.480,53



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	20/150.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	2.541,82
	20/1522.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios e cons	7.048,25
	20/1531.61900	Investim. de reposicións e infraestruturas e bens destinados	7.570,79
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/1532.22114	Subministro de materiais para reparacións acceso núcleos	1.133,50
	20/160.22699	Outros gastos diversos	20.573,08
	20/160.22706	Estudos e traballos técnicos	40.035,01
	20/160.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	4.945,00
	20/160.60900	Investim. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	10.081,40
	20/1621.46300	Transferencias a Mancomunidade Serra da Barbanza	40.953,77
	20/1622.22699	Outros gastos diversos	7.312,39
	20/163.13101	Retribucións horas extras	5.515,53
	20/231.22114	Subministracións para Asistencia Social Primaria	1.178,27
	20/231.46600	Outras entidades que agrupan a municipios	2.690,84
	20/311.22799	Outros traballos realizados por outras empresas e profes.	20.007,53
	20/320.22699	Outros gastos diversos	8.751,20
	20/322.22199	Outros Subministracións	1.337,33
	20/330.22500	Tributos estatais. SGAE	17.787,76
	20/330.22602	Publicidade e propaganda	6.461,95
	20/330.22609	Actividades culturais e deportivas	27.366,54
	20/3321.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	4.409,47
	20/338.20300	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxes	9.075,00
	20/338.22501	Tributos das comunidades autónomas	2.759,94
	20/338.22602	Publicidade e propaganda	6.722,00
	20/338.22609	Actividades culturais e deportivas	3-350,00
	20/338.22612	Outros gastos diversos	8.023,26
	20/340.13100	Sentenza M.D.B.S. Retribucións persoal laboral temporal	32.079,38
	20/340.13101	Retribucións horas extras.	4.074,32
	20/450.13101	Retribucións horas extras	2.919,82
	20/450.21400	Reparación, mantemento e conserv.elementos de transporte	6.803,69
	20/450.22103	Combustibles e carburante	7.131,68
	20/450.22111	Reparación de maquinaria, instalacións e utillaxes	4.379,64
	20/912.23000	Órganos de goberno	4.807,56
	20/920.13100	Retribucións persoal laboral temporal	587,50
	20/920.20600	Arredamento de equipos para procesos de información	5.088,18
	20/920.21200	Reparacións, mantemento e conservacións de edificios ..	2.711,58
	20/920.22001	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	1.877,03



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	20/920.22200	Servizos de telecomunicacións	5.194,40
	20/920.22501	Tributos das comunidade autónomas	2.344,44
	20/920.22699	Outros gastos diversos	1.095,49
	20/920.22706	Estudos e traballos técnicos	10.890,00
Proxecto	Aplicación	Expresión	Importe
	20/932.22604	Costas procesais sentenza M.D.B.C.	910,73
	20/934.22603	Publicacións diarios oficiais	3.743,23
	20/934.35200	Interese demora por execución de sentenzas.	6.226,53
		TOTAL habilitación	468.905,45

II.- ESTADO DE INGRESOS. FINANCIAMENTO

II.A) Con cargo ao Remanente líquido de Tesourería

Proxecto	Partida	Expresión	Importe
	20/870.00	Activos financeiros. Remanente líquido de tesourería	468.905,45
		TOTAL financiamento	468.905,45

II.B) Baixas ou anulacións de créditos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00

II.C) Novos ou maiores ingresos

Partida	Expresión	Importe
	TOTAL	0,00


III. RESUMO DA MODIFICACIÓN

Expresión	Euros
1.Total suplemento de crédito	468.905,45
2.Financiamento:	468.905,45
a) Remanente Líquido de Tesourería	468.905,45
b) Baixas ou anulación de créditos	0,00
c) Novos ou maiores ingresos	0,00
3. FINANCIAMENTO IGUAL A HABILITACIÓNS.....	468.905,45

SEGUNDO. Proceder á publicación e á tramitación do expediente nos termos previstos no artigo 169 do RD legislativo 20/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril e na Base 12ª das BEO/2015-prorrogadas.

TERCEIRO. Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal e Negociado de Contabilidade.

Cuarto. Plan económico-financieiro 2020-2021



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, para dicir que este plan económico financeiro que a normativa que publicou o estado dá por cumprida, non obsta para que se teña que aprobar. Di que ten a súa orixe a elaboración deste documento no incumprimento do Plan Económico Financeiro que se aprobou no ano 2018, o que obriga a aprobar un novo plan. Di que se require a súa aprobación e ademais pódese incorrer en responsabilidade no caso de que non se aprobase por quen votara en contra e o que se pretende é que durante o ano 2020-2021 se teña que axustar o gasto o máximo posible para poder liquidar a situación na que está o concello e poder empezar cun orzamento novo e unha situación un pouco máis estable. Di que as medidas que se propoñen teñen en conta as prazas de persoal que están sen cubrir, porque ben as persoas renunciaron ao posto ou ben porque pasaron a cobrar pola Seguridade Social, outra das medidas é a subida das bases do IBI que supón o incremento na recadación e tamén se fai unha proposta por parte da Intervención que se valorará no seu momento se toca, respecto da supresións de bonificacións no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Consta no expediente, ditame da comisión informativa correspondente que adoptou seguinte acordo:

“Primeiro. Aprobación inicial do Plan económico financeiro 2020-2021


Segundo. Exposición pública do Plan económico financeiro 2020-2021 mediante a súa publicación no BOP da Coruña por un prazo de 15 días.

Terceiro. Resolución de alegacións presentadas e aprobación definitiva por parte do Pleno da corporación. No caso de non presentarse alegacións no período de exposición pública entenderase elevada a aprobación inicial á definitiva e publicación íntegra no BOP a efectos oportunos.”

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que está claro que é un complemento do plan anterior e vén do goberno de fai catro anos e está claro que incumpriu quen estaba gobernando e di que quere dar unha pincelada e ler onde di: *“unha das consecuencias de estar nesta situación é que o aumento de gasto en bens correntes e servizos imputables ao capítulo 2 da estrutura orzamentaria reflicten nunha ineficiente xestión”* e di que con isto está todo dito.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que se fala dun incumprimento dun Plan Económico Financeiro que era de dous anos, 2018, 2019 e quere lembrar que no 2019 non gobernaron eles todo o ano, gobernaron a metade do ano escasa, e a señora González debería botar mellor as contas. Di que evidentemente terán a súa responsabilidade, pero os números que aparecen no informe de Intervención, os datos do 2018 son bastante bos. Para resumir, en canto ao PEF, significa que non se vai a cubrir a praza de informador turístico, que non se vai a contratar policía local, que non se vai a contratar a ninguén para substituír prazas como a de técnico de administración, que se renuncia a baixar o IBI e se formula como mínimo renunciar ás bonificacións polo imposto do incremento de valor dos terreos de natureza urbana e entendemos que ese é o resumo do PEF e di que o preguntan por se quere responder cando lle toque a alcaldesa.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que eles fixéronse en varias cousas do informe de Intervención, e unha das cousas que lles chamou a atención nun dos primeiros puntos que di que se aprecia con carácter xeral un desbordamento profundo estrutural dos gastos nonfinanceiros respecto da previsión inicial e obxectivos fixados para o ano 2019 no PEF con incidencia en todos os capítulos de gastos, non é que simplemente fora por un dos lados, gastouse de máis en todo, polo que eles entenden. Di que se fala da ineficiente xestión, pero hai un punto que lles preocupa especialmente, o que di: *“tamén se reflicte o importante nivel de servizos prestados e a súa implantación sen a suficiente*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

cobertura financeira, tamén se reflicte na contía da transferencia corrente que foron pagadas sen dotación orzamentaria para atender a aportación municipal do centro de día e da escola infantil". Di que son dous servizos que eles cren indispensables e que deben manter e que é preciso solucionar a situación canto antes. Di que volven ao mesmo, fai falta uns orzamentos para funcionar como concello en condicións. Tamén di que entenden que o PEF é para equilibrar gastos e ingresos e botan en falta unha regularización dos ingresos e cren que un aumento dos ingresos podería vir do servizo municipal de augas para non ter que renunciar a outros servizos.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que o PEF establece unha serie de medidas que evidentemente non se aproban con este PEF, di que se queremos reducir as bonificacións deberemos traer unha modificación da ordenanza, se queremos amortizar prazas deberemos traer unha RPT onde se especifiquen, di que estas medidas son as que se propoñen, e non é o que a señora Alfonso indica.

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, por maioría absoluta dos seus membros cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4) e a abstención do grupo municipal CxG (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2020/2021 (PEF).

Entidade : Concello de Muros (A Coruña)

NIF: P1505400J

Motivo da súa redacción: incumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra do gasto na liquidación do exercicio 2019 e incumprimento do PEF 2018/2019.

I. Introducción

II. Ámbito subxectivo de aplicación e relación de entidades dependentes

III. Causas, diagnóstico e previsión temporal


IV. Medidas: descrición, cuantificación e calendario

V. Conclusión e obxectivo

VI. Procedemento de aprobación

I. Introducción

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estableceu como un dos pilares esenciais da xestión orzamentaria que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos dos distintos suxeitos económicos comprendidos no seu ámbito de aplicación, realizárase no marco da estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendendo por tal a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Igualmente colocou no primeiro plano da xestión das facendas públicas, a obriga de que todas as actuacións das Administracións públicas deberán garantir a sustentabilidade financeira entendida como a capacidade para financiar



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, conforme ao establecido na propia lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación destes dous principios de conduta administrativa en materia de xestión financeira e orzamentaria, concrétese para as Entidade locais na obriga de manter permanentemente unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, e o cumprimento da regra de gasto que ten por obxecto conter o crecemento do gasto computable, entendendo por tal os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, os gastos discrecionais en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas ao sistema de financiamento.


O artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, establece que a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, correspondéndolle ao Ministerio de Facenda a súa determinación. Para as Corporacións locais cómprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada corporación local, entre dous exercicios económicos, non supera a referida taxa de referencia, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e minoracións de recadación derivados de cambios normativos.

O Consello de Ministros en sesión celebrada o 11 de febreiro de 2020, adoptou o acordo de fixar o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2020/2023 para o conxunto das Administracións Públicas e para cada un dos subsectores quedando en cero para as Entidades locais en cada un dos exercicios. Igualmente acordou que a variación do gasto computable para as Corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española do 2,9 %, 3,00 %, 3,2 % e 3,3 % para cada ano considerado.

Dentro deste marco normativo o Concello de Muros (A Coruña) mediante Resolución da Alcaldía núm. 480/2020, do 28 de abril aprobou a liquidación do Orzamento Municipal vixente no exercicio 2019 (prorrogado do 2015), previa emisión do informe de Intervención 93/2020, do 28/04 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto, débeda pública e sustentabilidade financeira, ao amparo do establecido no artigo 16.2. do RD 1436/2007, do 2 de novembro.

O presente Plan Económico Financeiro ten causa no citado informe de avaliación, que acredita o incumprimento do PEF 2018/2019 en canto a regra de gasto e obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio 2019, e formúlase de conformidade co establecido nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, axustándose o seu contido ao establecido no artigo 20 do RD 1436/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 da Lei Xeral de estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais.

A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Concellería de Facenda da Xunta de Galicia, con data 17 de xullo de 2020 (RE núm. 20200900000075 do 20/07/2020) remite escrito de requirimento de elaboración e aprobación dun novo Plan Económico Financeiro para o período 2020/2021, advertindo que o seu contido vinculan a execución económica, financeira e orzamentaria da entidade ata o fin do seu período de vixencia e que o límite da regra de gasto para o exercicio 2020 será o deducido da anualidade 2019 do PEF 2018/2019 incrementado pola taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española a aplicable ao exercicio 2020 do 2,9 por 100 (4.934.038,44



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

euros). Polo tanto o incumprimento dos obxectivos marcados no PEF para as regras fiscais dará lugar ao incumprimento deste e, consecuentemente, á aplicación dos artigos 25.1 ou 25.1. e 21 da LOEOSF, segundo a infracción se produza no primeiro ou no segundo exercicio, respectivamente.

De conformidade cos artigos 25.1. e 26 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se transcorrido o prazo fixado no artigo 23.4. non se presentara ou non se aprobara o plan económico financeiro a Administración pública responsable deberá aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento, a non dispoñibilidade de créditos e efectuar a correspondente retención que garantan o cumprimento do obxectivo de estabilidade, así como constituír, cando o solicite o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, un depósito con intereses no Banco de España equivalente ao 0,2 por 100 do seu Produto Interior Bruto nominal. Transcorridos tres meses desde a constitución do depósito sen que se presentara ou aprobara o plan, ou non se aplicaran as medidas contidas nel, o depósito non renderá intereses. Transcorridos 3 meses adicionais nos que persistira o incumprimento poderá acordarse que o depósito se converta en multa coercitiva. De non adoptarse algunha das medidas anteriores ou estas foran insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, unha comisión de expertos para valorara a situación económico –orzamentaria e formular unha proposta de medidas que serán de obrigado cumprimento para a administración incumpridora. Se a Corporación Local non adoptase acordo de non dispoñibilidade de créditos, non constituír o depósito referido, ou non adoptase as medidas propostas pola comisión de expertos, requirirase pola Comunidade Autónoma que teña asumida a tutela financeira o seu cumprimento, dentro dun prazo indicado ao efecto, adoptando as medidas necesarias para a súa execución forzosa. Se persistira o incumprimento poderá considerarse como xestión gravemente danosa para o interese xeral, e poderá procederse a disolución dos órganos da Corporación Local incumpridora, de conformidade co previsto no artigo 61 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

II. Ámbito subxectivo de aplicación e relación de entidades dependentes

O ámbito subxectivo de aplicación do presente PEF afectará ás Entidades locais e órganos dependentes de conformidade co establecido no artigo 2 do RD 1436/2007, do 2 de novembro.


O Concello de Muros (A Coruña) con CIF : P1505400J, non ten organismos autónomos nin outros entes dependentes da Entidade local, nin entidades públicas empresariais nin sociedades mercantís.

III. Diagnóstico, causas e previsión temporal

1. Diagnóstico

Como consecuencia dos datos deducidos da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2017, o Pleno da corporación do Concello de Muros (A Coruña) en sesión celebrada o 27 de setembro de 2018 aprobou un Plan Económico Financeiro para o período 2018/2019, cuxo resultado deducido das respectivas liquidacións foi o seguinte:

Año	Estabilidade			Regra de gasto			Débeda pública		
	Obxectivo	Resultado	Desviación	Obxectivo	Resultado	Desviación	Obxectivo	Resultado	Desviación
2018	429.217,64	870.726,32	+441.508,68	26.089,82	-56.759,93	-82.849,75	16,02	15,27	-0,75
2019	303.955,26	-107.690,24	-411.645,47	4.896,65	-605.436,69	-610.333,04	12,40	12,56	0,16



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


No informe de Intervención núm. 92/2020 do 28/04 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto, débeda pública e sustentabilidade financeira na Liquidación do orzamento de 2019, faise constar expresamente o incumprimento do obxectivo de estabilidade da regra do gasto nos seus puntos VI e VII:

a) Estabilidade orzamentaria

Capacidade /Necesidade de financiamento liquidación 2019	
Concepto (previsión de axustes a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste (+/-)
Ingresos non financeiros	6.712.937,28
Gastos non financeiros	6.412.951,46
Ingresos non financeiros – gastos non financeiros	299.985,82
Axustes	
1. Axuste por recadación de ingresos capítulo 1	-14.325,50
2. Axuste por recadación de ingresos capítulo 2	-1.316,04
3. Axuste por recadación de ingresos capítulo 3	14.508,53
4. (+) Axuste por liquidación PTE -2008	16.303,68
5. (+) Axuste por liquidación PTE -2009	15.035,88
6. (+) Axuste por liquidación PTE -2013	0,00
7. Intereses	266,64
18. Gastos realizados pendentes de aplicar a orzamento	-353.319,07
- Pagos pendentes de aplicación	-86.259,80
- Cobros pendentes de aplicación	1.428,87
- Devolución de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00
Total axuste ao Orzamento da Entidade	-407.676,09
Capacidade / Necesidade de financiamento 2017	-107.690,24

b) Regra de gasto

Información para a aplicación da Regra do Gasto . Liquidación Orzamento 2019		
Conceptos	Liquidación exercicio 2018. ORN	Liquidación exercicio 2019 ORN
Suma dos capítulos 1 ao 7 de gastos (1)	5.709.335,58	6.388.396,81
Axustes cálculo empregos non financeiros segundo o SEC		
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	132.822,41	353.318,62
(+/-) Outros		
- Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento e pagos pendentes de aplicar a orzamento	13.776,80	84.830,93
Empregos non financeiros en termos SEC excepto intereses da débeda	5.855.934,79	6.826.546,36
(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedentes da UE ou de outras Administracións públicas	-1.216.932,80	-1.426.546,36
- Comunidade Autónoma	-622.044,74	-900.864,65
- Deputacións	-554.888,06	-525.261,41
- Outras Administracións Públicas	0,00	0,00
Gasto computable do exercicio (sen descontar IFS)	4.639.001,99	5.400.420,30
(-) Minoración do gasto computable por IFS	0,00	0,00
Gasto computable do exercicio descontados IFS	4.639.001,99	5.400.420,30



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Taxa de referencia do crecemento do PIB 2017	2,7%	
(+/-) Cambios normativos permanentes	382.191,33	
Límite da Regra do Gasto	5.146.446,38	
Gasto computable exercicio 2019		5.400.420,30
Gasto computable límite para o exercicio 2019 previsto no PEF		4.794.983,91
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e o "gasto computable 2019".		-253.973,92
Diferenza entre o "límite máximo de gasto obxectivo PEF vixente" e o "gasto computable 2019"		-605.436,39
Variación do gasto computable 2018 sobre 2019. (2)		16,41 %
INCUMPRE A REGRA DO GASTO		INCUMPRE

(2) Incremento deducido da diferenza entre 4.639.001,99 euros e 5.400.420,30 euros.

Respecto do exercicio 2018, produciuse un claro e moi significativo incumprimento das regras fiscais, pasándose dunha situación de capacidade de financiamento de 870.726,32 euros a un escenario no 2019 de necesidades de financiamento de 107.690,24 euros, o que significou unha perda de fontes de financiamento de 978.416,56 euros, equivalente ao 14,57 por 100 dos ingresos non financeiros do exercicio. En canto á regra de gasto, o incumprimento do gasto computable previsto no PEF para o ano 2019 acadou a cifra de 605.436,39 euros representando unha desviación sobre o obxectivo do 11,21 por 100 e un aumento importante do gasto respecto do exercicio 2018.


2.Causas

I. Gastos non financeiros aplicados á orzamento

O incumprimento de maior impacto sobre as regras fiscais corresponden aos capítulos 1, 6 e 7 do estado de gastos cuxas aplicacións, en relación co exercicio 2018, aumentaron en 376.760,82, 281.351,27 e 21.629,20 euros respectivamente, e no volume de gastos realizados no exercicio sen dotación orzamentaria que aumentan as aplicacións non financeiras por importe de 353.318,62 euros.

Cadro comparativo das ORN liquidadas dos exercicios 2018 e 2019:

Capítulo	Expresión	ORN 2018	ORN 2019	Diferenza (+) (-)
1	Gastos de persoal	3.312.812,75	3.689.573,57	376.760,82
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.442.929,71	1.446.761,14	3.831,43
3	Gastos financeiros	30.992,10	24.554,65	-6.437,45
Capítulo	Expresión	ORN 2018	ORN 2019	Diferenza (+) (-)
4	Transferencias correntes	535.975,04	531.463,55	-4.511,49
6	Investimentos reais	417.618,08	698.969,35	281.351,27
7	Transferencias de capital	0,00	21.629,20	21.629,20
	Total operacións non financeiras	5.740.327,68	66.412.951,26	672.623,78
8	Activos financeiros	7.250,00	3.400,00	-3.850,00
9	Pasivos financeiros	227.842,01	445.450,26	217.608,25
	Total operacións financeiras	235.092,01	448.850,26	213.758,25
	TOTAL ESTADO DE GASTOS	5.975.419,69	6.861.801,72	886.382,03



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Desviación entre as previsións dos créditos iniciais contidas no PEF 2018/2019 para o exercicio 2019 e as realizacións obtidas da liquidación do orzamento.

Capítulo	Expresión	Previsión ORN 2019 PEF	ORN liquidación 2019	Diferenza (+) (-)
1	Gastos de persoal	3.317.470,26	3.689.573,57	372.103,31
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.289.500,00	1.446.761,14	157.261,14
3	Gastos financeiros	24.546,98	24.554,65	7,67
4	Transferencias correntes	542.476,42	531.463,55	-11.012,87
6	Investimentos reais	533.732,98	698.969,35	165.236,37
7	Transferencias de capital	33.866,11	21.629,20	-12.236,91
9	Pasivos financeiros	194.209,70	445.450,26	251.240,56
	Total operacións financeiras	201.445,33	448.850,26	247.404,93
	TOTAL ESTADO DE GASTOS	5.943.038,08	6.861.801,72	918.763,64

O incumprimento das regras fiscais está motivado polas seguintes causas:


a) Capítulo 1 de gastos de persoal. Analizando as circunstancias da xestión de cada programa as causas das desviacións son as seguintes:

- Incrementos retributivos do artigo 3.Dous do RD lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

- Incrementos das retribucións das novas contratacións temporais en aplicación da cláusula 4ª do Acordo marco que consta como anexo a Directiva 1999/70/CE do Consello do 28 de xuño de 2019 sobre o traballo de duración determinada, e pola cal en virtude do principio de non discriminación, as retribucións do persoal laboral temporal deben ser fixadas de acordo cos postos de traballo fixos comparables, salvo que se xustifique o trato diferente por razóns obxectivas.

- Aumento das baixas por IL que pasaron de 41 no exercicio 2018 a 72 no 2019 o que produciu un aumento dos custos salariais equivalentes ao complemento salarial aprobado mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de febreiro de 2019, polo que se garante ao persoal do Concello de Muros incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social un complemento retributivo dende o primeiro día da IL que sumada á prestación da TX da Seguridade Social acade o 100 por 100 da retribucións que tiña acreditadas no mes de inicio da incapacidade.

- Execución de sentenza núm. 2578/2018 do Xulgado do Social núm. 2 de Santiago de Compostela pola que se declara a arquitecto técnico persoal laboral indefinido non fixo, dando lugar a liquidación de retribucións equivalentes ás dun funcionario do subgrupo A2 e nivel 25 de complemento de destino, desde o mes de decembro de 2018, e a acta de inspección da Tesourería Xeral da Seguridade Social núm. 152019008007160 por importe de 38.797,66 euros en concepto de cotas a cargo da entidade rendidas e non liquidadas dos últimos catro anos correspondentes ao referido traballador. Sobre a área de gasto 1 "Servizos públicos básicos" o aumento neto do gasto de persoal que se traslada a estabilidade a través das obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras ascende a 32.171,31 euros.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Aumento da contratación laboral temporal nas áreas de gas 2 "Actuacións de protección e promoción social" (SAF), que pasa dun total de 56 contratos formalizados no exercicio 2018 a 60 no exercicio 2019.

- Na área de gasto 3 "Producción de bens públicos de carácter preferente" os incrementos producidos no capítulo 1 de persoal teñen a súa orixe nos seguintes feitos: i) excedencia voluntaria en febreiro de 2018 cuxa vacante non foi cuberta interinamente ata marzo de 2019. ii) Xestión dos obradoiros de emprego "Sete Fontes- 2018" e "Fontiñas Xuvenil -2019" cun incremento de gastos de persoal de 221.998,59 euros, non acompañado coa xestión dos ingresos afectados. iii) Aumento da contratación temporal na área de deportes pasando de 7 no 2018 a 9 no 2019, cun incremento de gasto de 21.475,53 euros. O conxunto da área de gasto 3, sofre un incremento do capítulo 1 de 233.148,73 euros que se traslada as obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento. Os dereitos recoñecidos netos por recursos afectados correspondentes aos obradoiros de emprego, que minoran o impacto do maior gasto, ascenderon a 234.414,34 euros, sendo a repercusión neta do proxecto sobre o capítulo 1 de 39.249,82 euros.

- Cobertura accidental da Tesourería Municipal desde outubro de 2018 ata agosto de 2019, ocasionando un aumento correlativo das obrigas recoñecidas netas neste último exercicio. O impacto neto sobre as operacións non financeiras dos aumentos do capítulo 1 na área de gasto 9 "Actuacións de carácter xeral" ascende a 25.292,33 euros.


- Finalmente en canto as causas que xustifican o importante aumento dos gastos de persoal no exercicio 2019, o impacto global das mesmas sobre o obxectivo de estabilidade debe ser ponderado mediante minoración do menor gasto producido respecto do exercicio 2018 na área de gasto 4 "Actuacións de carácter económico" (55.425,44 euros). Como consecuencia disto o aumento das obrigas recoñecidas netas do capítulo 1 no exercicio 2019 respecto do exercicio anterior ascenden a 376.760,82 euros.

b) Capítulo 6 de investimentos reais. Analizando as circunstancias da xestión de cada programa as causas do incremento mais significativas son as seguintes : i) Aumento importante de obra executada no programa de vías públicas respecto do exercicio 2018 por importe de 86.431,55 euros. ii) Adquisición de equipamento para a bibliotecas e arquivos por importe de 14.516,16 euros. iii) Aumento dos investimentos de reposición de infraestruturas deportivas por importe de 29.416,58 euros. iv) Aumento de investimentos en equipamento turístico por importe de 41.480,25 euros. A case totalidade do investimento executado conta con recursos afectados procedentes de outras administracións públicas cuxo efecto recóllese en estabilidade a través dos ingresos non financeiros do exercicio e en regra de gastos con minoración do gasto computable dos ingresos afectados realizados no exercicio procedentes de outras administracións públicas.

c) Capítulo 7 de transferencias de capital. Os aumentos de 21.629,20 euros respecto do exercicio anterior corresponde ás subvencións recoñecidas no exercicio a favor de familias e institucións sen ánimo de lucro para rehabilitación de vivendas do casco histórico de Muros, financiado integramente pola fase 11 do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanos 2013/2016 dentro do proxecto de gasto 2019/2/IGV11/1, cuxos remanentes de crédito foron incorporados a través do expediente núm. 845/2019 financiados co remanente líquido de Tesourería, e en consecuencia, producíndose un aumento das aplicacións non financeiras.

II. Gastos e pagos realizados non financeiros pendentes de aplicar a orzamento.

a) O saldo acumulado das **contas 41310 e 41313 de acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento** a 31/12/2019 ascendeu a 511.780,95 euros dando lugar a un aumento das aplicacións non



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

financeiras e do déficit orzamentario e un aumento do gasto computable en regra de gasto por importe de 353.318,62 euros. Un análise pormenorizado deste saldo pon de manifesto a seguinte clasificación económico – funcional:

Aplicación capítulo	Expresión	Importe
1	Gastos de persoal	13.190,15
2	Gastos en bens correntes e servizo	289.645,70
3	Gastos financeiros	12.682,23
4	Transferencias correntes	121.746,80
6	Investimentos reais	74.444,07
	Total gasto realizados pendentes de imputar a orzamento a 31/12/2019	511.708,95


Os datos anteriores, indican que os créditos definitivos do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogados no exercicio 2019 foron manifestamente insuficientes para atender os compromisos de gastos do exercicio, no só polo seu volume, senón tamén porque parte de aqueles, por importe de 196.203,78 euros, foron destinados a imputar gastos pendentes de aplicación do exercicio 2018 e anteriores, financiados co remanente líquido de Tesourería. Debe facerse especial mención as sentenzas xudiciais firmes recaídas a favor de ConstrucionesYoniTuñas, S.L. e da SociedadGeneral de Autores e Editores, cuxo impacto sobre as magnitudes económicas ascendeu a 70.912,61 euros, dos cales 40.570,15 correspondentes a gastos de investimento. Igualmente resulta importante destacar, polo seu impacto sobre o total dos gastos pendentes de imputar a orzamento, os investimentos adicionais realizados sen dotación orzamentaria por importe de 33.873,92 euros.

b) Na conta 5550 “Pagos pendentes de aplicación” o saldo existente a 31/12/2019 ascendeu a 129.769,55 euros, dos cales 86.259,80 euros corresponden ás retencións practicadas no exercicio pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia sobre o FCL por impago ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade da apartación municipal para financiar os gastos de funcionamento do Centro de Día (22.850,26 euros) e da Escola Infantil (63.409,54 euros).

III. Ingresos non financeiros.

Cadro comparativo dos DRN liquidados dos exercicios 2018 e 2019:

Capítulo	Expresión	DRN 2018	DRN 2019	Diferenza (+) (-)
1	Impostos directos	2.250.275,79	1.934.583,49	-315.692,30
2	Impostos indirectos	53.792,61	57.437,25	3.644,64
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	933.659,28	899.353,82	-42.327,67
4	Transferencias correntes	3.128.215,53	3.307.294,81	179.079,28
5	Ingresos patrimoniais	9.606,62	6.670,42	-2.936,20
Capítulo	Expresión	DRN 2018	DRN 2019	Diferenza (+) (-)
7	Transferencias de capital	376.612,24	515.619,70	139.007,46
	Total operacións non financeiras	6.752.162,07	6.720.959,49	-39.224,79
8	Activos financeiros	8.360,42	6.058,21	-2.302,21



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

9	Pasivos financeiros	0,00	37.044,67	37.044,67
	Total operacións financeiras	8.360,42	43.102,88	34.742,46
	TOTAL ESTADO DE INGRESOS	6.760.522,49	6.764.062,37	-4.482,33

Desviación entre as previsións contidas no PEF 2018/2019 para o exercicio 2019 e as realizacións obtidas da liquidación do orzamento.

Capítulo	Expresión	Previsión DRN 2019 PEF	DRN liquidación 2019	Diferenza (+) (-)
1	Impostos directos	1.815.202,88	1.934.583,49	119.380,61
2	Impostos indirectos	37.469,99	57.437,25	19.967,26
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	848.767,66	899.353,82	50.586,16
4	Transferencias correntes	2.954.973,05	3.307.294,81	352.621,76
5	Ingresos patrimoniais	15.799,60	6.670,42	-9.129,18
7	Transferencias de capital	386.597,04	515.619,70	129.022,66
	Total operacións non financeiras	6.058.810,25	6.720.959,49	662.149,27
8	Activos financeiros	25.573,35	6.058,21	-19.515,14
9	Pasivos financeiros	0,00	37.044,67	37.044,67
	Total operacións financeiras	25.573,35	43.102,88	17.529,53
	TOTAL ESTADO DE INGRESOS	6.084.373,60	6.764.062,37	679.678,80


Os dereitos recoñecidos netos liquidados no exercicio 2019 por operacións non financeiras superaron nun 10,93 por 100 a previsión tendencial contemplada no PEF para o exercicio 2019, o que indica que o impacto sobre o incumprimento da estabilidade orzamentaria recae integramente sobre o gasto non financeiro imputado ou pendente de imputar ao orzamento.

Tendo en conta que moitas das ordenanzas fiscais vixentes recollen tipos impositivos e cotas tributarias que levan desde o ano 1990 sen actualizar, que existen actividades non suxeitas a tributación, e que hai un importante déficit de xestión tributaria, podemos afirmar que o Concello ten un amplo marxe para mellorar a capacidade de xerar fluxos de ingresos por tributos municipais, constituíndo un dos puntos fortes da facenda desta Entidade local.

IV. Conclusións do diagnóstico.

Apreciase, con carácter xeral, un desbordamento profundo e estrutural dos gastos non financeiros respecto da previsión tendencial e dos obxectivos fixados para o 2019 no PEF 2018/2019, con incidencia en todos os capítulos de gastos.

Nos gastos de persoal ten unha incidencia determinante no resultado obtido o importante peso que ten a contratación temporal realizada e o impacto que da mesma se deriva polo recoñecemento da xurisdición social de relacións laborais indefinidas non fixas e os efectos económicos que dita declaración comporta.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Os aumento de gastos en bens correntes e servizos imputables ao capítulo 2 da estrutura orzamentaria reflicten unha ineficiente xestión, ao tramitarse case na súa totalidade a través da contratación menor, a pesares do carácter excepcional que a Lei de Contratos do sector Público lle atribúe a esta modalidade de contratación. Este feito, xunto co importante nivel de servizos prestados pola Entidade, afectou ao principio de economía e eficiencia na contratación e deu lugar a gasto correntes sen dotación orzamentaria que excederon nun 20 por 100 as obrigas recoñecidas imputadas orzamentariamente no exercicio 2019. As deficiencias de xestión deste capítulo de gastos en exercicios anteriores arrastrou consigo ao capítulo 3 ao ter que facer efectivos intereses de mora no recoñecemento de obrigas e ordenación de pagos derivados de sentenzas xudiciais firmes.

O importante nivel de servizos prestados ou a súa implantación sen a suficiente cobertura financeira, tamén reflíctese na contía das transferencias correntes que foron pagadas sen dotación orzamentaria para atender a apartación municipal do Centro de Día e da Escola Infantil, ou no gasto pendente de imputar ao orzamento do exercicio 2019 a favor da Mancomunidade de Concellos da Serra da Barbanza en concepto de apartación para financiar a xestión de residuos sólidos urbanos. En conxunto estes gastos ascenderon a 121.746,80 euros.


A realización de proxecto de gastos con financiamento afectado pospagable nos que non existe acompañamento entre o fluxo dos gastos rendidos e de dereitos liquidados, é outro factor de relevancia que ten consecuencias sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade, non así sobre a regra de gasto, e que da lugar a un aumento das aplicacións financeiras no exercicio e un aumento do déficit, polo importe dos gastos anticipados pola entidade sobre os recursos afectados pendentes de percibir. Este mecanismo xustifica o importante aumento dos gastos de persoal no exercicio 2019 como consecuencia da xestión simultánea de dous obradoiros de emprego, que como se indicou, tivo un impacto sobre o capítulo 1 de 221.998,59 euros.

Finalmente reiterar que os ingresos acadaron niveis moi superiores as previsións tendencias e polo tanto o incumprimento das regras fiscais recae integramente sobre os gastos non financeiros aplicados ou pendentes de aplicar ao orzamento.

3. Previsión temporal

De acordo cos datos históricos da liquidación do orzamento dos exercicios 2017, 2018 e 2019 as **previsións tendenciais** de ingresos e gastos serían as seguintes, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais:


INGRESOS											
Capí	2017		2018		2019		2020		2021		Prome d. Períod o %
	P. Defín.	DRN %/PD	P. Defín.	DRN %/PD	P. Defín.	DRN %/PD	P. Defín.	DRN %/PD	P. Defín.	DRN %/PD	
1	1683229, 8	1841079, 2 109,38%	1683229, 8	2250275, 8 133,69%	1683229, 8	1934583,5 114,93%	1683229, 8	2103951,1 124,99%	2161858, 9	2056684, 5 95,14%	115,63



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2	110000,0	26152,6 23,78%	110000,0	53792,6 48,90%	110000,0	57437,2 52,22%	110000,0	53677,6 48,80%	53677,7	54350,0 101,25%	54,99
3	855600,0	879236,9 102,76%	855600,0	933659,3 109,12%	855600,0	891331,6 104,18%	855600,0	1057902,7 123,64%	1057902,7	782272,3 73,95%	102,73
4	3203409,1	3237666,1 101,07%	3305134,5	3128215,5 94,65%	3538104,0	3307294,8 93,48%	3262549,5	3505995,5 107,46%	3210175,1	2816648,0 87,74%	96,88
5	512000,0	19632,50 3,83%	512000,0	9606,6 1,88%	512000,0	6670,4 1,30%	512000,0	6167,1 1,20%	12000,0	8740,7 72,84%	16,21
7	1169723,3	163084,9 13,94%	1460469,4	376612,2 25,79%	2995536,0	515619,7 17,21%	2706109,9	602992,7 22,28%	2095709,4	1202901,4 57,40%	27,32
T. INF	7533963,1	6166852,281,85%	7926433,7	6752162,185,19%	9694469,9	6712937,369,25%	9129489,3	7330686,880,30%	8591323,8	6921596,980,56%	79,43
8	12020,2	6773,9 56,35%	42550,5	8360,4 19,65%	703633,7	6058,21 0,86%	134646,8	3400,0 2,53%	165429,5	3400,0 2,06%	16,29
9	0,0	0,0	0,0	0,0	37044,7	37044,7 100,00%	30782,7	30782,7 100,00%	30782,7	30782,7 100,00%	60,00
T ING	7545983,3	6173626,281,81%	7968984,2	6760522,584,84%	10435148,5	6756040,264,74%	9294918,83	7364869,679,24%	8787535,9	6955779,679,16%	77,96

GASTO											
Capi	2017		2018		2019		2020		2021		Promed Período %
	C. Defin.	ORN %/CD	C. Defin.	ORN %/CD	C. Defin.	ORN %/CD	C. Defin.	ORN %/CD	C. Defin.	ORN %/CD	
1	3540350,6	3176511,4 89,72%	3589018,4	3312812,8 92,30%	3899922,7	3689573,6 94,61%	3654288,0	3332652,0 91,20%	3506192,4	3321518,8 94,73%	92,51
2	1443904,3	1435809,0 99,44%	1530461,9	1442929,7 94,28%	1579799,7	1446761,1 91,58%	2346848,3	2204250,9 93,92%	1775125,0	1728404,9 97,37%	95,32
3	48301,6	27017,5 55,93%	36483,9	30992,1 84,95%	28501,6	24554,7 86,15%	57100,2	61521,9 107,74%	57100,2	36568,7 64,04%	79,76
4	776911,8	732788,8 94,32%	613013,0	535975,0 87,43%	585124,9	531463,6 90,83%	626320,0	618957,1 98,82%	997150,0	988249,8 99,11%	94,10



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6	1240488,7	356188,7328,71	1598757,4	417618,126,12%	2570670,2	698969,427,19%	2157635,1	825396,538,25%	1474784,6	1290464,187,50%	41,56
7	78578,9	5629,37,16%	72578,9	0,00,00%	218094,3	21629,29,92%	216995,2	0,000,00%	216995,7	35000,016,13%	6,64
T. GNF	7128535,9	5733944,780,44%	7440313,6	5740327,777,15%	8882113,3	6412951,572,20%	9059186,4	7042778,577,74%	8027347,3	7400206,392,19%	79,94
8	12020,2	6300,052,41%	12020,2	7250,060,31%	12020,2	3400,028,29%	12020,2	3400,028,29%	12020,2	3400,028,29%	39,52
9	233756,2	226825,697,04%	230073,9	227842,099,03%	486541,5	445450,391,55%	255300,9	78645,930,81%	80028,0	80028,0100,00%	83,68
T GAS	7374312,3	5967070,480,92%	7682407,7	5975419,777,78%	9380675,0	6861801,773,15%	9326507,9	7124824,476,39%	8119395,6	7483634,484,66%	80,08


I. Xustificacións das previsións tendenciais de ingresos.

a) No **capítulo 1 de impostos directos** (IBI, IVTM, IAE e IIVTNU), contéplase no 2020 os incrementos dos dereitos liquidados netos derivados do incremento anual do valor catastral do IBI -urbana por aplicación do establecido no artigo 68 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. As previsións de dereitos liquidados netos no exercicio 2021, modéranse levemente, ca finalidade de reflectir o impacto da situación económica nas arcas municipais, pero mantense en niveis próximos aos do ano 2020.

b) O **capítulo 2 de impostos indirectos** (ICIO), contéplase nos dous exercicio considerados en niveis de liquidación similares recollendo a evolución tendencial dos últimos cinco anos, baixo a consideración que nos últimos anos o sector da construción está en niveis de estancamento sostible.

c) As **taxas e outros ingresos do capítulo 3**, como consecuencia da situación de crise sanitaria producida pola COVID-19, reflicten no 2020 un descenso da recadación como consecuencia do acordo de suspensión temporal da taxa por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local con mesas e cadeiras, e do prezo público pola utilización da piscina municipal. Recolle igualmente o aumento derivado da aplicación do principio de rexistro bruto dos ingresos da taxa pola recollida domiciliar de lixo correspondente a liquidación definitiva do exercicio 2019 realizada polo Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña. No ano 2021, aplicando o principio de prudencia, e baixo a consideración de que se produzan os efectos económicos negativos derivados da crise sanitaria, modérase a previsión do dereitos recoñecidos netos, se ben estímase un leve aumento dos rendementos derivados das ocupacións do dominio público local con mesas e cadeiras e do servizo da piscina municipal.

d) En ambos exercicios recóllense as **transferencias correntes do capítulo 4** incondicionadas e aquelas que corresponden a gastos con financiamento afectado que se veñen producindo de xeito estable ao longo de varios exercicios. Ten un impacto relevante no exercicio 2020 a previsión de dereitos liquidados polos fondos da Deputación Provincial transferidos para atender o financiamento de gastos correntes estruturais, facendo que os dereitos liquidados netos aumenten respecto do exercicio 2019. No 2021 a previsión de dereitos recoñecidos netos descende ao estar pendente o acordo plenario en relación co destino que o Concello lle



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

dea aos fondos asignados ao Plan de Obras e Servizos de 2021. Debido a súa importancia cuantitativa, considerouse prudente non recollelo nas previsións tendencias nin nas medidas de axuste, constituíndo unha mellora adicional aos resultados do Plan se o acordo que eventualmente se adopte vai no sentido de destinar parte dos fondos a esa finalidade.

e) Respecto do **capítulo 7 de transferencias de capital**, vese incrementada a previsión de dereitos recoñecidos netos nos dous exercicios, con un impacto mais relevante no exercicio 2021. O motivo desta previsión tendencial radica no feito de que se adjudicaron a finais do 2019 e ao longo do 2020 obras incluídas nos Plans Provinciais dos exercicios 2017 e 2018 dando lugar a unha estimación de maiores ingresos no 2021 procedentes dos citados Plans acompañados ca demora na adjudicación e posterior execución das obras.

f) No **capítulo 9 de pasivos financeiros** contéplase un aumento das previsións iniciais nos dous exercicios polos importes dos préstamos incluídos Plan Provincial de Obras e Servizos, destinados a amortizar anticipadamente a débeda financeira.

II. Xustificacións das previsións tendenciais de gastos.


a) Os **gastos de persoal do capítulo 1** recollen as obrigas recoñecidas polos custos laborais calculados para o 2020 e 2021 da totalidade da cadro de persoal funcionario e laboral fixo, dos postos estruturais ocupados por persoal laboral temporal e aqueles outros postos temporais necesarios para atender o funcionamento dos servizos. En ambos exercicios contéplase aumentos sobre os custos laborais previstos correspondentes a realización de horas extras, execución de sentenzas xudiciais e gastos sociais. A previsión para os dous exercicios sitúa en valores similares os gastos do capítulo 1.

b) As previsións tendenciais das obrigas recoñecidas netas por **gastos en bens correntes e servizos do capítulo 2**, teñen un maior incremento no 2020, por canto reflicten os gastos iniciais non previstos derivados da execución de sentenzas xudiciais, do maior gasto financiado con fondos provinciais do Plan de Obras e Servizos e os maiores gastos derivados do recoñecemento extraxudicial de crédito do exercicio 1/2020REC. No exercicio 2021, a pesares de que se contempla un recoñecemento extraxudicial de créditos, as previsións caen ao non considerar o financiamento provincial dos gastos correntes con recursos afectados non tidos en conta nas previsións de ingresos.

c) As obrigas recoñecidas netas por **gastos financeiros do capítulo 3** aumentan no exercicio 2020 polas liquidacións do exercicio derivadas da execución de sentenzas firmes. No 2021 a previsión tendenciais recollen os intereses da débeda financeira viva e un tanto alzado en concepto de intereses de demora por execución de sentenzas.

d) No **capítulo 4 de transferencias correntes** as previsións das obrigas recoñecidas netas reflicten no exercicio 2020 as transferencias a entidade supramunicipais e de agrupación de municipios das que forma parte o Concello de Muros, así como as subvencións nominativas, e as concedidas mediante concorrência competitiva. No 2021 recóllense ademais as transferencias a comunidade autónoma como apartación municipal para financiar os servizos da escola infantil e centro de día e o aumento da apartación anual acordado pola Mancomunidade de Municipios da Serra da Barbanza para responder pola execución de sentenzas xudiciais firmes.

e) En canto **aos investimentos reais do capítulo 6**, no 2020 recóllense as obrigas recoñecidas netas correspondentes ás obras xa executadas e aquelas sobre as que existe previsión de que se executen e



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

certifiquen antes do 31 de decembro. Igualmente neste exercicio contémpase os investimentos executados e aprobados a través do recoñecemento extraxudicial de créditos. No 2021 non se contemplan gastos realizados sen dotación orzamentaria e faise unha previsión da obra certificada tendo en conta o estado de tramitación dos expedientes de contratación e os prazos de execución da obra adxudicada.

f) A previsión tendencialdo **capítulo 7 de transferencias de capital**, no 2020 non contempla liquidación algunha e no 2021 recollen un importe estimado das subvencións que se concedan no exercicio financiados cos fondos anticipados do Ministerio de Fomento e do IGVS.

g) Finalmente as previsións dos **pasivos financeiros do capítulo 9** recollen nos dous exercicios as cotas anuais das operacións de préstamo vivas, non vencendo en ningún dos exercicios considerados o prazo de carencia dos préstamos da Deputación Provincial destinados a amortización anticipada da débeda financeira.

Nestas condicións os datos obtidos en relación co cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra do gasto, sustentabilidade financeira, débeda comercial e PMP serían os seguinte:

a) Estabilidade Orzamentaria:


Exercicio	DRN Capi. 1/7	ORN Capi. 1/7	Saldo non financeiro	Axustes	Necesidade/ capacidade de financiamento (1)
2019	6.712.937,28	6.412.951,46	299.985,82	-407.676,09	-107.690,24
2020	7.330.686,84	7.042.778,49	287.908,35	184.398,98	472.307,33
2021	6.921.597,01	7.400.206,34	-478.609,33	491.122,21	12.512,88

(1) Os importes en positivo son capacidade de financiamento.

b) Regra de gasto:

Exerc.	Gastos computable exercicio anterior	Gastos computable PEF	Taxa de Variación do PIB nominal sobre GC PEF 2019	Límite da regra do gasto incluída no PEF	Cambios normat. permanent	Gasto computable límite previsto no PEF (2)	Gastos computables liquidación	Cumprimento incumprimento da regra do gasto (1)
2019	5.146.446,38	4.794.983,91		4.794.983,91		4.794.983,91	5.400.420,30	-605.436,39
2020	5.400.420,30	4.794.983,91	2,90 %	4.934.038,44	48.593,88	4.982.632,32	5.391.278,53	-408.646,21
2021	5.391.278,53	4.982.632,32	3,00 %	5.132.111,19	0,00	5.132.111,19	5.564.926,00	-432.814,81

(1) Os importes en negativo son incumprimentos.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

c) Sustentabilidade financeira:

Exercicio	Débeda pública financeira	Coefficiente de endebedamento
2019	778.389,09	12,56 %
2020	603.872,98	8,91 %
2021	570.801,85	8,89 %

d) Débeda comercial e PMP:

Exercicio	Débeda Comercial	PMP en días
2019	753.667,19	45,31
2020	674.349,17	70,00
2021	454.537,86	52,00


Como pódese apreciar da proxección realizada da evolución dos gastos e ingresos non financeiros nos exercicios 2020 e 2021 sen adoptar ningún ha medida correctora, mantense o cumprimento do obxectivo de estabilidade e o incumprimento da regra de gasto, baixo a consideración, de acordo co criterio mantido pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de que o límite do gastos computable será o deducido da anualidade 2019 do PEF 2018/2019 incrementado pola taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española a aplicable ao exercicio 2020 do 2,9 por 100, é dicir 4.934.038,44 euros

IV. Medidas: Descrición, cuantificación e calendario

Sobre empregos non financeiros.

Nº	Descrición da medida	Cuantificación 2020	Calendario 2020	Cuantificación 2021	Calendario 2021
1	Declaración de créditos non dispoñibles área de gasto 9 por baixas prolongadas	30.000,00	26/11/2020	47.343,54	28/01/2021
2	Declaración de créditos non dispoñibles: redución de gastos en bens correntes e servizos. Capítulo 2	380.000,00	26/11/2020	258.262,86	28/01/2021
3	Declaración de créditos non dispoñibles área de gasto 3 por vacante e baixas prolongadas			37.081,21	28/01/2021
4	Declaración de créditos non dispoñibles área de gasto 2 por baixas prolongadas			21.481,13	28/01/2020
5	Declaración de créditos non dispoñibles área de gasto 1 por vacante e baixas prolongadas			63.175,60	28/01/2020
	Total medidas	410.000,00		427.344,34	

As declaracións de crédito dispoñible corresponden a postos de traballo de carácter estrutural sobre os que se produciu unha renuncia expresa voluntaria (informador turístico- área de gasto 3), que constan como vacante por xubilación (Policía local: área de gasto 1), sobre os que existe unha baixa por IL prolongada a varios exercicios (Técnico da Administración Xeral de Secretaría- área de gasto 9) ou nos que se produciu por esta causa o pago directo por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social (limpeza de edificios: área



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

de gasto 3; auxiliar do SAF: área de gasto 2; Oficial GES: área de gasto 1). En todos os casos trátase de créditos iniciais previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal de 2015 -prorrogado, que son susceptibles de soportar a declaración de crédito non dispoñible no exercicio 2020 e 2021.

A non dispoñibilidade do capítulo 2 de gastos en bens correntes estímase realizable baixo a consideración de que existen no exercicio 2020 recursos adicionais extraordinarios procedentes da Deputación Provincial destinados expresamente a esta finalidade polo importe da medida. No exercicio 2021, estímase igualmente realizable a medida baixo a premisa de que se dispoña en dito exercicio dun orzamento municipal actualizado.

Sobre recursos non financeiros.

Nº	Descrición	Cuantificación 2020	Calendario 2020	Cuantificación 2021	Calendario 2021
1	Repercusión aumento anual do valor catastral do IBI – urbana (artigo 68 do TR da LRFL)			57.907,78	01/01/2014
2	Supresión bonificacións voluntarias do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana			25.000,00	01/01/2021
	Total medidas	0,00		82.907,78	

O cambio normativo permanente respecto do **Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana** por aplicación do artigo 68 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, foi integrado no PEF 2018/2019 como única medida, incorporándose igualmente no presente. O incremento da cota tributaria do IBI -urbana ten a súa orixe na revisión de valores catastrais de carácter colectiva dos bens de natureza urbana, cuxa ponencia de valores foi aproba no exercicio 2013, con efectos no exercicio 2014. Aos incrementos da cota derivados da nova ponencia de valores aplícaselle a redución prevista no citado artigo 68, durante un prazo de 10 anos, sobre a diferenza entre o valor catastral obtido da revisión e o do ano base (2013). É dicir, dito importe distribúese incrementando o valor catastral anual nun 10 por 100 ata acadar no ano 10 o valor total da ponencia revisada.


De acordo cos datos dispoñibles o impacto nos exercicios afectados polo presente plan e nos posteriores desta medida normativa de carácter permanente sería o seguinte:

- Cálculo da diferenza de valores catastrais:

(3)Exercicio	Valor catastral (1)	Valos catastral revisado (2)	Base liquidable	Cota tributaria	Diferenza de VC (1) –(2)
2013	181.598.819,36	0,00	181.598.819,36	1.089.592,15	115.815.554,95
2014	0,00	297.414.374,31	196.045.719,01	1.176.274,12	

(3) Ano base 2013

- Obtención da base liquidables e aplicación da redución do artigo 68.1. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Exerc.	Cofeci. redutor	Importe da redución (1)	Base liquidable do exercicio (2)	% aumento da base liquidable	V.C. adicional por exercicio	Tipos impositivos IBI urbana % (3)	Cota tributaria adicional
2014	0,9	104.233.999,46	193.180.374,86	10	11.581.555,50	0,60	69.489,33
2015	0,8	92.652.443,96	204.761.930,35	10	11.581.555,50	0,60	69.489,33
2016	0,7	81.070.888,47	216.343.485,85	10	11.581.555,50	0,60	69.489,33
2017	0,6	69.489.332,97	227.925.041,34	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2018	0,5	57.907.777,48	239.506.596,84	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2019	0,4	46.326.221,98	251.088.152,33	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2020	0,3	34.744.666,49	262.669.707,83	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2021	0,2	23.163.110,99	274.251.263,32	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2022	0,1	11.581.555,50	285.832.818,82	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
2023	0,0		297.414.374,31	10	11.581.555,50	0,50	57.907,78
Total		115.815.554,95		100	115.815.554,95		


- (1) Coeficiente redutor sobre a diferenza de valores catastrais dos exercicios 2013 e 2014.
- (2) A base liquidable calculada só recolle o impacto da revisión de valores catastrais, polo tanto non ten porque coincidir ca base liquidable efectiva de cada ano.
- (3) Baixo a consideración de que se mantén o tipo impositivo vixente ata o ano 2023.

A aplicación da redución do valor catastral actualizado produciu efectos desde xaneiro de 2014, dando lugar a cambios normativos permanentes desde ese exercicio. O cambio normativo permanente do 2020, que inclúe o efecto negativo da redución da recadación prevista polo acordo de suspensión da taxa durante por utilización privativa e aproveitamento especial dominio público local con mesas e cadeiras, consta integrado na previsión tendencial do gasto computable para ese exercicio. No exercicio 2021 os cambios normativos permanentes producirán un incremento do límite do gasto computable de 57.907,78 euros derivado do aumento anual da base liquidable a un ritmo anual do 10 por 100 do aumento do valor catastral entre os exercicios 2013 e 2014.

Respecto do **Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana**, a ordenanza fiscal vixente (BOP núm. 150/2008 do 01/07) contempla no seu artigo 11º, a concesión de bonificacións, que oscilan entre o 50 e o 95 por 100 da cota íntegra, nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a prol dos descendentes e adoptados, os cónxuxes, os ascendentes e os adoptantes. No Concello de Muros, por aplicación analóxica do citado artigo 11º, esta bonificación concédese tamén a aqueles negocios xurídicos de pacto de mellora entre vivos do artigo 214 da Lei 2/2006, do 14 de xuño do dereito civil de Galicia equipáranse a sucesións por causa de morte do Código Civil

No exercicio 2020 o importe das bonificacións concedidas representaron unha redución da cota íntegra de 22.278,51 euros. A medida, prevista para o exercicio 2021, implica un aumento dos rendementos previstos por importe de 25.000,00 euros.

IV. Conclusión e obxectivo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Os efectos da medida anterior sobre os exercicios 2020 e 2021, dará lugar a obtención dos seguintes resultados en materia de estabilidade, regra de gastos, e sustentabilidade financeira:

a) Estabilidade Orzamentaria:

Exerc.	DRN Capi. 1/7	ORN Capi. 1/7	Saldo non financeiro	Axustes	Necesidade/ capacidade de financiamento (1)	Efectos das medidas	Capacidade/ necesidade de financiamento PEF
2020	7.330.686,84	7.042.778,48	287.908,36	184.398,98	472.307,33	410.000,00	882.307,33
2021	6.921.597,01	7.400.206,34	-478.609,33	491.122,21	12.512,88	510.252,12	522.765,00

b) Regra de gasto:

Exerc.	Gasto computable límite liquidación	Gasto computable liquidación (1)	Gasto computable límite previsto no PEF (2)	Cumprimento/incumprimento regra de gasto PEF (2)-(1)
2020	5.605.626,37	4.981.278,53	4.982.632,32	1.353,79
2021	5.188.624,67	5.137.581,66	5.188.624,67	51.043,01

Os importes en negativo son incumprimentos.

c) Sustentabilidade financeira.

- Débeda pública.

Exercicio	DRN axustados previos	Efectos das medidas	DRN axustados PEF	Débeda pública financeira pendente	Coefficiente de endebedament o
2020	6.780.649,63	0,00	6.780.649,63	603.872,98	8,91 %
2021	6.420.768,76	82.907,78	6.503.676,54	570.801,85	8,78 %


- Débeda comercial e PMP.

Exercicio	Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
2020	388.085,53	59.994,68	226.268,96	674.349,17	30
2021	409.101,79	45.436,07	0,00	454.537,86	30

As medidas previstas neste Plan permite nos exercicios 2020 e seguinte acadar o cumprimento do obxectivo de estabilidade e a regra de gasto e sustentabilidade financeira.

V. Procedemento de aprobación e publicación

O artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF), establece que os plans económico –financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán ser aprobados polo Pleno da Corporación no prazo de 2 meses desde que se produce a constatación do incumprimento e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde dita constatación. O plan económico –financeiro, de conformidade co disposto no artigo 9 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

27 de abril, deberá remitirse pola propia Corporación ou polo órgano que exerza a tutela financeira ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no prazo de 5 días desde a súa aprobación.

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da LOEOSF aos plans económico –financeiros daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da Entidade, e por conseguinte, será de aplicación o disposto no artigo 165.3. do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto o ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobación inicial do Plan económico financeiro 2020-2021

Segundo. Exposición pública do Plan económico financeiro 2020-2021 mediante a súa publicación no BOP da Coruña por un prazo de 15 días.

Terceiro: Resolución de alegacións presentadas e aprobación definitiva por parte do pleno da corporación. En caso de non presentarse alegacións no período de exposición pública se entenderá elevada a aprobación inicial a definitiva e publicación íntegra no BOP a efectos oportunos.

5. Moción do grupo municipal do BNG sobre o posible peche do centro de sanidade marítima local de Muros do Instituto Social da Mariña (ISM)


Intervén a alcaldesa quen dá a palabra á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que le o ditame da comisión informativa correspondente que literalmente di o seguinte:

“Entre os anos 2009 e 2012 o Goberno do Estado levou a cabo o peche das oficinas do ISM en Muxía, Laxe e Fisterra, en prol da “racionalización e eficacia dos recursos, tanto materiais como humanos, do ISM. Agora, parecen ser Corcubión e Muros os que están no punto de mira dos peches e dos recortes xa que, haimo poucas datas, os profesionais do mar veñen de denunciar publicamente o posíbel peche do centro local de sanidade marítima de Corcubión, que atende aostraballadores e traballadoras do mar pertencentes aos concellos de Cee, Corcubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Laxe, Ponteceso e Malpica. E é o propio sector o que xa advirte sobre a intención do ISM do peche do de Muros para centralizar a nacemento da Coruña o recoñecemento médico ao que están obrigados todos os mariñeiros que queiran embarcar.

Na actualidade, o centro de Corcubión non está a prestar servizo por carencias de persoal, e as persoas dependentes destes servizos teñen que desprazarse a outros centros, entre eles, Muros, o cal está a provocar unha saturación nas listas de agarda que, sumadas á situación provocada pola COVID-19, fai que unha persoa teña que agardar varios meses para poder pasar o recoñecemento médico obrigatorio.

Tanto desde as confrarías da Costa da Morte como desde a de Muros e Federación de Confrarías da Provincia de A Coruña denuncian esta situación, e o grave prexuízo que xa está a provocar nasxentes que teñen o mar como sustento.

O BNG oponse a esta redución de servizos e a intención de centralizar a nacemento da Coruña o recoñecemento médico ao que se debe someter todo o persoal do mar da nosa contorna que queira embarcar, un servizo dos que se benefician máis de 1000 traballadores e traballadoras de diferentes lugares e concellos da nosa barreira.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O ISM ten, entre as súas competencias, a información sanitaria aos/ástraballadores/as do mar, a educación e distribución da Guía sanitaria a bordo, a práctica dos recoñecementos médicos previos ao embarque, a inspección e control dos medios sanitarios a bordo e das condiciónshixiénicas das embarcacións e outrasfuncións de medicina preventiva e educación sanitaria. A perdadestesservizos para un concello como o noso é un desastre, por iso, debemos reclamar a súacontinuidade para evitar empeorar as condicións de vida da nosaxente do mar. Pechar o Centro de Sanidade Marítima Local do ISM de Muros suporía para este persoal ter que desprazarse ata á Coruña. Ao gasto económico en desprazamentos súmase a perda de tempo que lles impediría saír faenar neses días. E por outro lado, tampouco se garante que o ISM da Coruña non colapse ao recibir esta sobrecarga de traballo.

Xa o noso deputado, Néstor Rego, exixiu no Congreso que se cubra a praza do persoal médico do Centro de Sanidade Marítima Local de Corcubión, que se atopanestes momentos vacante debido a unha baixa por enfermidade e que do mesmo xeito, se garanta así a prestación da asistencia sanitaria debida aostraballadores e traballadoras do mar, tanto en Corcubión como en Muros. Para o BNG é fundamental un posicionamento de todas asformacións políticas para, da man das organizacións marítimas, pesqueiras e dos sindicatos, exixirle ao Goberno estatal a través da Subdelegación destena Coruña e ao Goberno galego que actúen e que non se desmantele un servizo básico para o Concello de Muros e a súa contorna.


Ditaminase favorablemente e proponse ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Apoiar as reivindicacións do sector marítimo e pesqueiro do Concello de Muros e da súa bisbarra e prestarlles apoio e cobertura en cantas reivindicacións Fagan en relación ao mantemento dos servizos do Instituto Social da Mariña*
- 2. Instar ao Goberno autonómico e ao Goberno central para que actúen e garantan a prestación de todos os servizos competencias e operatividade do Instituto social da Mariña (ISM) de Muros.*
- 3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á subdelegación do goberno estatal da Coruña, á Confraría de Pescadores de Muros, o ISM de Muros e a todos os concellos da bisbarra que se benefician deste servizo."*

Continúa a súa intervención a voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón para dicir que esta moción nace a raíz de varias reunións que tiveron co sector do mar, di que eles foron os primeiros que lles trasladaron a súa preocupación polo posible peche do ISM que polo que eles din, suporía que en varios casos cando o recoñecemento médico o teña que facer por exemplo o patrón do barco, este teña que estar amarrado ata dous días porque non pode saír a faenar. Cren que é un servizo polo que deben loitar por manter no noso concello e di que buscan o acordo unánime do pleno, nun traballo que se están a mover da man da xente do mar e por petición deles veñen de dar o paso de presentalo aquí no Pleno.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, que di que están a favor de servizos que se presten á cidadanía, e o seu grupo xa anuncio que ía a votar afirmativamente na comisión informativa previa e que van a votar a favor desta moción.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que están en contra de que se sigan pechando servizos no concello de Muros e van a votar a favor polo prexuízo que existe para toda a persoa relacionada co mundo do mar.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que eles tamén están en contra de que se pechen servizos e por suposto queren que se manteña o ISM e di que sería máis efectivo que esta moción se presentase no Congreso dos Deputados xa que é unha competencia do estado, di que está ben como mostra de apoio ao sector pero seguramente non é este o sitio para presentala.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que eles pensan que sendo un problema que atinxe á xente do mar, Muros debe situarse ante el, di que no Congreso xa se formulou e o Pleno debería cando menos darlle apoio.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que por suposto que si, pero que é máis eficaz que o fixeran onde se ten que facer.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

1. Apoiar as reivindicacións do sector marítimo e pesqueiro do Concello de Muros e da súa bisbarra e prestarlles apoio e cobertura en cantas reivindicacións Fagan en relación ao mantemento dos servizos do Instituto Social da Mariña
2. Instar ao Goberno autonómico e ao Goberno central para que actúen e garantan a prestación de todos os servizos competencias e operatividade do Instituto social da Mariña (ISM) de Muros.
3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á subdelegación do goberno estatal da Coruña, á Confraría de Pescadores de Muros, ao ISM de Muros e a todos os concellos da bisbarra que se benefician deste servizo.


6. Moción do grupo municipal do BNG sobre a reactivación da asistencia sanitaria.

Intervén a señora alcaldesa quen dá a palabra á voceira do grupo municipal do BNG, dona María Lago Lestón, para a lectura do ditame da comisión informativa, que consta no expediente e que di o seguinte:

“A pandemia ocasionada polo COVID-19 levou ao límite o noso sistema sanitario, poñendo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que nos someteu o goberno do PP.

Esta situación puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos suficientes para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento. O noso sistema de saúde precisa estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias que poidan xurdir.

Diante da pandemia, a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, así como levar a cabo o peche de distintos consultorios, centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Fronte a isto, a solución aportada pola Xunta foi vertebrar a saúde en torno á atención telefónica, ocasionando grandes dificultades tanto ás profesionais como á poboación mesma que en moitos casos non consegue, nin tan sequera, pedir cita.

Se antes do coronavirus o persoal de Atención Primaria estaba sobrecargado, engadir tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo levou ao límite a este servizo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática para o que non se aportaron medios suficientes, dando como resultado o colapso dos teléfonos, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de agarda de semanas para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros, e incluso, como vimos no noso propio centro, consulta no exterior por non contar cos medios de desinfección suficientes.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias, que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.


A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso ao sistema público porque supón un claro risco para a saúde da poboación. A loita contra a COVID-19 debe facerse atendendo a todos os axentes de saúde, prestando especial atención aos colectivos máis vulnerables.

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade.

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19, mais non podemos deixar esquecidas o resto de patoloxías, a loita contra a COVID-19 so se gañará protexendo o sistema público de saúde, e asegurando o acceso a el de toda a poboación.

Ditamínase favorablemente que polo Pleno da corporación se adopte o seguinte acordo:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en atencións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID19, neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia a aumentar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a cantidade da atención asistencial, así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos, clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos..*
- 3. Instar á Xunta de Galicia a aumentar os orzamentos destinados a Atención primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.*
- 4. Instar á Xunta de Galicia a modificar o Decreto que regula as Areas e os distritos sanitarios para ceir unha estrutura de xestión da atención primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


5. *Instar á Xunta de Galicia a publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas*
6. *Instar á Xunta de Galicia a habilitar un punto de detección temperá no concello de Muros para a detección precoz do COVID 19 e a utilizar os medios asistenciais públicos e privados existentes incluídos tanto laboratorios como farmacias e de acordo cos convenios que asinen as partes a tal fin e durante o tempo que dure o estado de alarma”.*

Continúa a súa intervención a voceira do grupo municipal do BNG para dicir que non cre que faga moita falta explicar esta moción, di que por todos e todas é coñecido a situación que se está a dar por mor da falta de atención presencial, os problemas que está habendo coas listas de agarda, a dificultade para o acceso ao sistema de saúde, sobre todo das persoas máis vulnerables, entre elas as persoas maiores e case que as máis prexudicadas. Di que se veu durante todo o estado de alarma a soidade das persoas maiores, e seguen estando sós, porque seguen tendo medo e non se lles axuda nada cando non se lle deixa acceder ao seu médico. Di que non é o mesmo a atención presencial ca a telefónica, unha persoa que teña formación sanitaria pódelle explicar sen equívoco cales son os síntomas pero a maior parte da xente non sabe explicar exactamente o que necesita para facer un correcto diagnóstico. Di que hai datos que lle sorprendían moito durante a pandemia que era ese desfase que había entre falecidos que había entre o ano pasado e este ano, que non se podían achacar directamente á pandemia. Di que os últimos informes e artigos científicos din que unha parte importante, sexa por persoas que non foron diagnosticadas de coronavirus, pero aínda así o padeceron, pero outras moitas crese que son persoas que faleceron derivadas dunha mala atención. Continúa dicindo que as enfermidades coronarias seguen matando, o cancro segue matando, todas as enfermidades as que xa estabamos afeitos seguen estando aí, e hai que atendela, di que non podemos centrarnos en coronavirus si ou non, que saben que hai que pelexar contra el e facer todo o que estea na nosa man para evitalo pero o acceso á sanidade debe estar sempre blindado e permitido.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que eles están de acordo con todo o que sexa prestar servizos á cidadanía, e máis en sanidade e neste momento pero que ese servizo hai que prestalo con todas as garantías tanto para os/asusuarios/as como para os/as facultativos/as, di que seguramente necesitamos máis achegas e máis servizos e dixeron xa que ían a votar a favor porque de feito o último punto foi addendado polo grupo socialista e non teñen nada máis que dicir.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que ogallá os recursos públicos foran suficientes para atender todas as necesidades aplauden a inclusión do apartado polo grupo socialista, pero deixa claro que o ideal para eles sería os servizos e instalacións públicas quen puideran atender a todo. Di que en canto a reactivación da asistencia presencial, eles están totalmente a favor, di que efectivamente hai xente que non morre por coronavirus e acaba morrendo por outras patoloxías e que por mor da pandemia non reciben a asistencia presencial que necesitan e iso ás veces ten consecuencias fatais para a súa saúde e para a súa vida e parécelles ben a moción do BNG, porque igual ca outros profesionais poden atender a persoas e usuarios e incluso estar nunha aula de illamento con síntomas compatibles coa COVID, entenden que os servizos médicos e sanitarios tamén deben reactivar esa atención sanitaria co cal di que están a favor da moción do BNG e van a votar a favor.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para dicir que eles non se van a opoñer á moción porque entenden que moitas cousas se están facendo. Di que se solicita unha reactivación da atención presencial que nunca se interrompeu nin sequera no máis duro da pandemia e o que se fai é unha valoración a través dunha chamada telefónica da necesidade de consulta presencial e está segura de que a maior parte dos/as profesionais da sanidade tampouco están satisfeitos con esa cuestión, pero que se está



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


falando dunha medida que neste momento parece razoable, prudente e necesaria na situación que como ben dicía a señora Alfonso de pandemia. Di que o único que entende que se pretende é diminuír a transmisión secundaria no caso de COVID, porque acudir indiscriminadamente sen ningún tipo de filtro pode ocasionar un desastre como xa de feito se veu en varios centros de saúde que tiveron que pechar por contaxios masivos no seu persoal. Di que tamén entende que se free un pouco a atención en orde a non acumular moita xente nas salas de espera e nas consultas e é unha consecuencia que temos que sufrir e esperar que se vaia solucionando. Di que piden tamén aumentar o número de profesionais e cónstalle que a Consellería de Sanidade leva tempo intentando incrementar os/as profesionais dispoñibles con contratos de continuidade, coa petición de máis prazas MIR, pero di que a verdade non é sempre doado cubrir toda a demanda que hai, solicítase aumentar os orzamentos, di que a Xunta de Galicia dedicou 4.109 millóns de euros á sanidade, a partida máis alta da historia e que supón o 40,5% do orzamento total no exercicio e o teito de gasto sube ata un 15% e unha suba importante está destinada a esa loita contra a pandemia e as súas consecuencias. Fálase tamén de crear unha nova estrutura de atención primaria e di que hoxe o presidente da Xunta anunciou a modificación da Lei de saúde pública para poder loitar con máis eficacia contra esta pandemia, e en canto á solicitude que facía o grupo socialista dun grupo de detención, cre que están a traballar niso e que non é fácil identificar o público diana deste estudo, posto que a tipoloxía de casos é moi variada neste concello e di que pediu a información de que se están a facer cribados á poboación, nos últimos catorce días fixéronse 617 PCRs con 41 positivos, e 576 negativos e a taxa de positividade en catorce días é do 6,75% e a sete días duplícase chegando ao 12,12% e di que polo tanto a cifra é alta e preocupante.

Continúa a señora alcaldesa dicindo que lle gustaría aproveitar esta intervención para pedirlle aos membros da corporación que traten de non desinformar, porque xa hai bastante angustia e caos con todas as normas que poñen e quitan e que se trate de ser prudentes e dar unha información veraz. Di que recorda que na comisión que se realizou o luns deu conta da situación que se desencadeou basicamente na fin de semana, e tamén lle gustaría facer un recordo á poboación, di que se insiste moito nas máscaras, uso de xel, mantemento de distancia, pero tamén di que é necesario gardar a corentena se temos un positivo ou contacto estreito cun positivo, ata que se dea a alta médica. Di que parece que hai certa confusión con esa obriga e gustaríalle recordala sobre todo neste momento.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que se alegra de que todos os grupos estean na sintonía de defender a sanidade pública e se a moción sae adiante considéranos como un bo paso para o novo camiño desta corporación e non teñen nada máis que engadir.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal popular (4) adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en atencións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID19, neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.
2. Instar á Xunta de Galicia a aumentar nos centros de saúde o número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a cantidade da atención asistencial, así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

atención integral: psicólogos, clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3. Instar á Xunta de Galicia a aumentar os orzamentos destinados a Atención primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
4. Instar á Xunta de Galicia a modificar o Decreto que regula as Areas e os distritos sanitarios para crear unha estrutura de xestión da atención primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
5. Instar á Xunta de Galicia a publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.
6. Instar á Xunta de Galicia a habilitar un punto de detección temperá no concello de Muros para a detección precoz do COVID 19 e a utilizar os medios asistenciais públicos e privados existentes incluídos tanto laboratorios como farmacias e de acordo cos convenios que asinen as partes a tal fin e durante o tempo que dure o estado de alarma.

B) Mocións de urxencia

Non se presentan mocións de urxencia.

C Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Sétimo. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1064 de 21/09/2020 a 1243 de 26/10/2020 e das xuntas de goberno local núm.13 de 04/09/2020, núm.14 de 18/09/2020, núm.15 de 25/09/2020, enúm. 16 de 02/10/2020 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal

A señora alcaldesa dá conta das resolucións da Alcaldía, das xuntas de goberno local e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal.

Undécimo. Rogos e preguntas

A señora alcaldesa primeiro contesta ás preguntas do Pleno anterior:


Rogos e preguntas formulados polo grupo municipal socialista:

Solicitaba o grupo municipal socialista como un rogo, o reforzo da limpeza do colexio de Louro, que é un tema que xa está solucionado, púxose unha persoa de reforzo tanto alí como en Valdexería e cre que está a funcionar bastante ben o servizo agora.

Preguntaba polo pagamento aos grupos e di que se pagaron onte ou hoxe, salvo un que non o pediu.

Pedía tamén regularizar a desfeita que deixou Compromiso cos/coas traballadores/as no xulgado, e di que nese camiño están e esperan seguir avanzando.

Preguntaba polos traxesignífugos do GES e se se van comprar uns novos e di que os traxes teñen unha vida útil de oito anos e aínda lle queda un ano e pico e queren antes equipalos deroupa normal que a teñen bastante deteriorada e afrontar esta nova renovación cando toque.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntaba polos contedores da praza da igrexa de Tal, e di que efectivamente os contedores tivéronse que baixar porque os camións por dez centímetros non suben e o vello dá poucas garantías de subir, sube pero funciona precariamente e habendo risco de quena praza quedara o lixo decidiuse baixar os contedores.

Preguntaba polo orzamento, e di que teñen a intención de presentar un borrador antes de que remate o ano.

Preguntaba polos modificados dos vestiarios do campo de fútbol e do cine París de si hai que facelo e canto costou, hai que facelo, o proxecto tal e como deixou aprobado o anterior goberno unicamente contemplaba a colocación de dúas cembas e a realidade e que houbo que repoñelas todas, pero aínda non se presentou o modificado nin a factura.

Preguntaba polo período medio de pagamento a provedores, e di que desgraciadamente volveuse ás cifras que había cando eles entraron no goberno que eran 77 días e di que neste caso teñen certa xustificación polo parón que supuxo en toda a administración e tamén nas empresas a pandemia.

Rogos e preguntas do grupo municipal CXG:

Preguntaba polo estado de execución do orzamento, e di que en ingresos é do 60% e de gastos aproximadamente do 50%.

Preguntaba por facturas pendentes de pagamento, e di que teñen pendentes doutros exercicios 2017, 2018 e cre que son 111.000 euros e na conta 413, 470.000 euros.

Preguntaba polo mini punto limpo e di que se retirou cando se fixo a obra da parada do bus e que estaba bastante deteriorado e di que unha vez que este amañado e pintado volverase a colocar.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG:


Facía un rogo sobre as actividades extraescolares, e di que neste momento está un pouco todo parado pola situación que hai.

Preguntaba se se limpaban os parques, e di que se están a limpar.

Preguntaba polo edificio Comesaña que hai un vertedoiro incontrolado de lixo, e di que en moitas ocasións alí o lixo acumúlase, porque no punto de recollida a xente move os contedores e aparca os coches e non é fácil sacar os contedores para baleiralos e cando o servizo de recollida ve que hai tantos coches non lle é fisicamente posible recollelos e haberá que tomar algunha medida e di que posiblemente será suprimir as prazas de aparcamento, porque en bastantes ocasións quedan os contedores encaixados contra o fondo ou no lateral e non son fáciles de quitar.

Preguntaba polas listas de emprego e substitucións, e di que se regulan pola bolsa municipal de emprego e os nomeamentos fanse por decreto.

Preguntaba por unhas obras no espigón da illa da Creba, e di que eles non teñen coñecemento desas obras e sobre se van facer algunha actuación para devolver a titularidade da illa ao pobo de Muros, di que se retomará as xestións que fixo o goberno do BNG ao respecto.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntaba por unha solicitude que se presentou no rexistro de entrada no concello sobre a licenza dun local de hostalaría, e di que no rexistro de entrada non entrou ningunha solicitude do BNG ni do seu grupo, entrou unha solicitude asinada por unha das concelleiras do BNG, que di que ao BNG lle chegou información de que un pub estaba abrindo sen licenza. Di que se lle deu trámite a esa solicitude e espera que non tarden en contestarlle porque están comprobándoo en urbanismo.

Pediron unha copia do protocolo do SAF e di que lle enviou dous protocolos que son estatais e fóronse aplicando e repítelle que todo o persoal do concello recibiu formación específica sobre o COVID e se lles vai dando explicacións a maiores segundo vai evolucionando a situación.

Preguntaba en que estado se atopaba o emisario da Edar e di que se lle remitiu a pregunta a Augas de Galicia que é a entidade xestora da EDAR .

Preguntaba cales son as áreas do concello que agora contan na actualidade con saneamento e contesta que están funcionado no seguintes lugares: en Louro, bombeos de Perousós, Godai, San Francisco e Seisidre; en Muros e Serres, bombeos da praia do Castelo, OFurón, Valdexería, A Tribuna e A Rocha, En Tal, bombeos de Tal de Abaixo, Cabanas e A Chabola; en Esteiro, bombeos de Xantoque, A Insuela, Ribeira do Maio, Somorto, Ribeira de Solleiros e Muíño da Area. Na actualidade está instalado pero sen funcionamento o saneamento a depuradora do parque empresarial en Serres, que ten elaborado un proxecto por importe de 150.000 euros para conectar o saneamento á rede de saneamento municipal. En Reboredo (Esteiro) está instalado o bombeo pero sen funcionamento. Non hai instalación en Louro, na estrada do faro, camiño do Valado, Cruz da Pedra, Matos, Xalfas, Ancoradoiro e Taxes; en Muros e Serres, nos lugares de Sestaio de Arriba, Fondo, A Eiroa, O Castelo e algunhas zonas de Serres; e en Esteiro, nos lugares de Riomaio, A Silvosa e a zona de Reboredo. En Abelleira, está elaborado o proxecto cun orzamento de 347.832,30 €, que se incluíu no Plan de Obras POS+2020 da Deputación Provincial da Coruña. E Torea ten pendente a elaboración do proxecto.

Rogos e preguntas deste Pleno


Rogos e preguntas do grupo municipal socialista:

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que quere manifestar o seu agradecemento ao presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, por esa achega que fai para as persoas autónomas muradas e para a concesión de axudas a varias asociacións, entre elas Ostreira da Abelleira e a Confraría de pescadores de Muros e di que como son as nove e media da noite e ven que están nun momento moi complicado, por respecto aos funcionarios, señora secretaria e señor interventor, eles non van facer preguntas para que eles poidan volver a súa casa con tempo suficiente.

Rogos e preguntas do grupo municipal CxG:

Intervén polo grupo municipal CxG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que eles tamén debido á situación na que están tiñan unha única pregunta que despois da intervención do punto anterior que fixo a Alcaldía vai a transformar nun rogo. Roga que así como hoxe facilitou os datos da situación da pandemia no concello, se fagan públicos a través da web do concello ou dos servizos municipais e se dea a coñecer se hai algún servizo municipal afectado que teña que pechar por ese motivo a efectos de que a cidadanía saiba se pode acudir o non. Di que fala de datos numéricos non de datos protexidos.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que a petición da información sobre o saneamento non era especificamente para contestar no pleno, senón unha información coa que querían contar, pero non está de máis dála no Pleno. Di que a xente está ben que se informe e a petición da compañeira non sabe como a ten que poñer, pois entende que é unha pregunta que se fai dende o BNG.

Continúa dicindo que dada a situación que é peor que durante a primeira baga, e atendendo ás recomendacións que están a facer todos os profesionais róganlle que poñan os medios técnicos necesarios para poder ter as sesións de forma telemática e fan a pregunta de cantos cartos ingresou o Concello de Muros por parte da empresa concesionaria da auga nos últimos anos e dous rogos, na Pernella que caeu parte do porto o inverno pasado, xa o trouxeron máis veces ao Pleno e rogan que se tramite o seu arranxo e moitos dos parques do concello seguen dando auténtica pena e rogan que o arranxen canto antes.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente